

### 3.5. **servicios**

■ Á hora de analiza-lo sector servicios hai que partir da consideración de que estamos ante un sector que engloba a un conxunto heteroxéneo de actividades, como son, seguindo o índice da *Memoria*, o comercio, o turismo, as comunicacións, o transporte, os servicios a empresas, os servicios financeiros e os servicios da educación e sanidade.

Atendendo á **Contabilidade Trimestral de Galicia, cadro C.3.1.** (*VEB a prezos básicos e PIB a prezos de mercado 2001-02*), o sector servicios aportou no ano 2002 o 53,9% do PIB a prezos de mercado (prezos constantes). Comparado co ano anterior, este sector experimentou unha taxa de crecemento do VEB (en prezos constantes) do 2,3%, fronte ó 2,8% experimentado no ano anterior. En termos nominais, a taxa de variación interanual do VEB a prezos básicos foi do 6,2%. Atendendo á desagregación entre servicios de mercado e non de mercado, a taxa de crecemento do VEB, en termos reais, no primeiro caso foi do 2,0% respecto ó ano anterior, e no segundo de 3,2%.

Observando a evolución trimestral, esta desce de maneira continua ó longo do ano 2002, pasando dunha taxa interanual do 2,4% no primeiro trimestre, ó 2,2% do derradeiro trimestre do ano. Atendendo á desagregación entre servicios de mercado e non de mercado, cómpre salientar que mentres que os servicios de mercado presentan unha desaceleración na súa taxa de crecemento (medran un 2,3% no primeiro trimestre do ano 2002 fronte ó 1,8% do derradeiro trimestre do ano), os servicios non de mercado experimentan un crecemento paulatino das súas taxas, pasando do 2,8% do primeiro trimestre ó 3,6% no último.

En relación á **poboación ocupada** no sector servicios e á súa distribución segundo ramas de actividade, o **cadro C.3.3.** (*Poboación ocupada 2001-02: distribución segundo ramas de actividade*) amosa cómo a ocupación no sector servicios medrou no ano 2002 un 2,7% respecto ó ano anterior (o VEB a prezos básicos, en termos reais, medra catro décimas menos) ata chegar ós 582,6 miles de ocupados. Entre as ramas máis impor-

CADRO 3.5.1.

Empresas maioristas nas CC.AA. 2001-02 : distribución segundo subsectores

	Total 2001	Total 2002	Intermediarios de comercio	Materias primas agrarias e de animais vivos	Productos alimenticios, bebidas e tabaco	Productos de consumo non alimenticios	Productos non agrarios semielaborados	Maquinaria e equipamento	Outros
Andalucía	26.641	27.183	7.239	1.813	8.434	4.025	3.201	2.284	187
Aragón	5.982	5.981	1.565	656	1.227	933	780	785	35
Asturias	4.463	4.314	1.291	450	856	577	705	406	29
Baleares	3.951	3.973	1.113	157	1.008	851	469	339	36
Canarias	7.535	7.619	1.663	219	2.564	1.787	596	716	74
Cantabria	1.979	1.993	595	204	489	270	268	155	12
Castela e León	9.812	9.605	2.009	1.573	2.695	1.085	1.334	871	38
Castela-A Mancha	6.626	6.419	1.330	820	1.850	814	1.002	559	44
Cataluña	39.052	39.786	12.501	1.610	5.971	9.247	4.915	5.125	417
C. Valenciana	23.165	23.033	6.467	1.073	4.707	5.084	3.362	2.141	199
Extremadura	3.583	4.022	785	559	1.252	457	627	319	23
<b>Galicia</b>	<b>12.766</b>	<b>12.443</b>	<b>2.415</b>	<b>1.294</b>	<b>3.455</b>	<b>1.738</b>	<b>2.241</b>	<b>1.237</b>	<b>63</b>
Madrid	25.734	26.043	6.993	563	3.740	7.588	2.838	3.858	463
Murcia	6.100	6.172	1.631	412	1.995	778	744	567	45
Navarra	2.180	2.203	478	198	557	317	375	250	28
País Vasco	11.401	10.709	3.763	207	1.981	1.464	1.721	1.365	208
A Rioxa	1.557	1.608	537	92	447	198	182	140	12
Ceuta-Melilla	691	666	85	14	200	230	100	21	16
<b>Total</b>	<b>193.218</b>	<b>193.772</b>	<b>52.460</b>	<b>11.914</b>	<b>43.428</b>	<b>37.443</b>	<b>25.460</b>	<b>21.138</b>	<b>1.929</b>

(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano  
Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

tantes, salientan as de comercio por xunto e polo miúdo, con 133,1 miles de traballadores, e as de “outros servicios” (servicios a empresas), con 119,7 miles de persoas.

No que ó crecemento da poboación ocupada se refire, o devandito cadro amosa o crecemento das distintas ramas de actividade consideradas agás a rexistrada no caso da “Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor. Gasolineiras” e da sanidade, con 3,8 miles de ocupados e 0,3 miles de persoas menos, respectivamente. Os subsectores que presentan as medras máis importantes son os da sanidade e os da hostalería, con 5,5 e 5,4 miles de ocupados máis, respectivamente.

## Comercio

A análise do subsector comercio está estruturado en dous grandes apartados nos que se estudia, por unha banda, o comercio por xunto, para o que se empregan os datos recollidos no Dirce, e por outra, o comercio polo miúdo, para o que se seguen os datos facilitados polo *Índice de vendas do comercio polo miúdo* e a estatística *Estructura do comercio* publicados polo IGE.

### • Comercio por xunto

Os **cadros C.3.27.** (*Locais maioristas nas CC.AA. 2001-02: distribución segundo subsecto-*

*res*) e **3.5.1.** amosan o número de locais e empresas dedicados ó comercio por xunto e intermediarios de comercio, excepto vehículos de motor e motocicletas (actividade 51 da CNAE-93). Estes cadros reflicten que catro comunidades (Cataluña, Andalucía, Madrid e C. Valenciana) agrupan case o 60% do total de locais e empresas maioristas do Estado, acollendo Galicia o 6,6% do total de locais e o 6,4% das empresas de España (14.575 locais e 12.443 empresas).

Das 12.443 **empresas** dedicadas ó comercio por xunto (323 empresas menos que no ano anterior), o **cadro 3.5.1.** reflicte que o subsector “productos alimenticios, bebidas e tabaco” é o máis importante en Galicia atendendo ó número total de empresas, 3.455 empresas (o 27,8% das empresas maioristas galegas). Asemade, cómpre salienta-la importancia relativa do comercio ó por maior de materias primas agrarias e de animais vivos, ó acoller Galicia o 10,9% das empresas pertencentes a este subsector en España, sendo do 8,8% no caso do productos non agrarios semielaborados e do 8,0% no caso dos “productos alimenticios, bebidas e tabaco”.

No caso dos locais comerciais, o subsector “Materias primas agrarias-alimentación” acolle o 37,3% dos locais maioristas galegos, representando o 8,4% dos locais maioristas do subsector a nivel estatal. Asemade, cómpre salienta-la importancia relativa dos locais comerciais de

**Comercio interior 2001-02** <sup>(1)</sup>: Índice de vendas polo miúdo

	2001	01/00	2002	02/01
		(%)		(%)
Índice xeral	118,0	4,0	120,6	2,2
<b>Clasificación por produto</b>				
Alimentación	117,5	4,9	120,9	2,9
Equipamento persoa	119,5	11,5	115,3	-3,5
Equipamento fogar	112,3	0,2	112,9	0,5
Outros bens de consumo	122,2	-0,9	133,8	9,5
<b>Clasificación por actividade</b>				
<b>Comercio non especializado</b>				
Grandes superficies	121,9	6,2	127,2	4,3
Resto non especializado	133,4	4,2	137,7	3,2
109,8	6,5	115,1	4,8	
<b>Comercio especializado</b>	115,9	2,6	116,9	0,9
Alimentación	131,3	3,8	129,4	-1,4
Equipamento persoa	109,3	6,2	102,1	-6,6
Equipamento fogar	110,8	-0,5	113,0	2,0
Outros bens de consumo	122,7	2,9	132,7	8,1

(1) medias anuais (Base 1998)

Fonte: IGE, Índice de vendas do comercio polo miúdo

“Productos non agrarios semielaborados” que representan o 8,6% dos locais pertencentes a este subsector en España.

• **Comercio polo miúdo**

Atendendo ós datos do *Índice de vendas do comercio polo miúdo* publicado polo IGE, o índice xeral amosa que continúa a desaceleración dos niveis rexistrados nos últimos anos. No ano 2002 este índice medra un 2,2% fronte ó 4,0% do ano anterior.

Atendendo á clasificación dos índices segundo produtos efectivamente vendidos no comercio polo miúdo en Galicia, o **cadro 3.5.2.** reflicte un comportamento desigual dos mesmos. No 2002 o índice de outros bens de consumo presenta o crecemento máis importante, cun 9,5%, cando no ano anterior rexistrara unha caída do 0,9%. Do mesmo xeito, aínda que en sentido contrario, o índice de produtos de equipamento da persoa experimenta en 2002 unha caída do 3,5% en termos correntes fronte á medra do 11,5% do ano anterior. O índice de vendas do produtos de alimentación e dos de equipamento do fogar, medra un 2,9% e 0,5%, respectivamente, cando en 2001 fora do 4,9% e 0,2%.

No concerne á clasificación dos índices segundo actividade principal das empresas comerciais, o índice de vendas en establecementos non especializados rexistrou un aumento medio do 4,3% respecto ó ano 2001, sendo este

crecemento do 3,2% no caso das grandes superficies. No concerne ó comercio especializado, este medra, en conxunto, un 0,9% respecto ó ano 2001, sendo do 8,1% no caso do outros bens de consumo e de 2,0% no de equipamento de fogar (o índice de equipamento persoal e o de alimentación rexistran unha caída do 6,6% e do 1,4% respectivamente).

O número total de establecementos de comercio polo miúdo ascendeu no ano 2001 en Galicia a 41.425, o que significa, en termos relativos, unha media de 15,2 establecementos por cada mil habitantes e 1,4 establecementos por quilómetro cadrado.

O grupo de actividades de “outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados” é o que acolle o maior número de establecementos, con 23.424 establecementos (56,5% do total de establecementos de comercio polo miúdo), seguido polos grupos de “comercio polo miúdo en establecementos non especializados” e “comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados”, con 7.537 (18,2%) e 7.315 establecementos (17,7%), respectivamente.

O comercio galego polo miúdo presenta unha superficie de venda media de 83,0 metros cadrados, sendo a superficie de venda por habitante de 1,3 m<sup>2</sup>. Comparado coa superficie comercial total e a superficie total das actividades económicas en Galicia, a superficie do comercio

CADRO 3.5.3.

Estructura do comercio polo miúdo 2001: datos xerais e datos de asalariados

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Poboación total	2.731.900	1.108.419	365.619	345.241	912.621
Superficie xeográfica (en km <sup>2</sup> )	29.559,6	7.936,0	9.856,0	7.273,2	4.494,4
Número de empresas	35.670	14.636	4.540	4.455	12.039
Número de establecementos	41.425	17.209	5.340	5.055	13.821
Densidade comercial (en establecementos/1000hab.)	15,2	15,5	14,6	14,6	15,1
Superficie de venda por habitante (en m <sup>2</sup> /habitantes)	1,3	1,4	1,2	1,1	1,2
Superficie de venda media (en m <sup>2</sup> )	83,0	88,0	84,0	72,0	79,0
Sup. de venda comercio/ sup. total comercio (%)	74,9	44,2	13,1	10,6	32,1
Sup. total comercio/sup. total activ. económicas (%)	10,6	11,1	10,0	11,6	10,0
Número de establecementos por km <sup>2</sup>	1,4	2,2	0,5	0,7	3,1
Asalariados en comercio/ total asalariados (%)	8,8	8,9	8,2	8,7	8,8
Nº medio de asalariados por establecemento	1,3	1,4	1,0	1,1	1,4

Fonte: IGE, Estructura do comercio

CADRO 3.5.4.

Estructura de comercio 2001: distribución segundo actividade

	Dixitos CNAE-93 (1)						
	52.1	52.2	52.3	52.4	52.5	52.7	52.N
<b>Galicia</b>							
Número de establecementos	7.537	7.315	2.030	23.424	107	1.001	11
Densidade comercial (en establ./1.000hab.)	2,8	2,7	0,7	8,6	0,0	0,4	-
Superficie de venda media (en m <sup>2</sup> )	161,4	28,0	42,3	79,7	134,2	35,2	94,5
Superficie de venda por habitante (en m <sup>2</sup> /habitantes)	0,5	0,1	0,0	0,7	0,0	0,0	-
Nº medio de asalariados por establec.	2,0	0,9	1,7	1,1	0,6	1,2	47,8
<b>A Coruña</b>							
Número de establecementos	2.876	2.999	860	9.980	50	438	6
Densidade comercial (en establ./1.000hab.)	2,6	2,7	0,8	9,0	0,1	40,0	0,0
Superficie de venda media (en m <sup>2</sup> )	210	26	47	77	130	33	98
Superficie de venda por habitante (en m <sup>2</sup> /habitantes)	0,6	0,1	0,0	0,7	0,0	0,0	-
Nº medio de asalariados por establec.	2,4	0,9	1,7	1,2	0,5	1,0	35,5
<b>Lugo</b>							
Número de establecementos	1.073	741	287	3.119	16	104	-
Densidade comercial (en establ./1.000hab.)	2,9	2,0	0,8	8,5	0,0	0,3	-
Superficie de venda media (en m <sup>2</sup> )	123	33	47	88	59	30	-
Superficie de venda por habitante (en m <sup>2</sup> /habitantes)	0,4	0,1	0,0	0,8	-	0,0	-
Nº medio de asalariados por establec.	1,2	0,9	1,5	1,0	0,4	0,7	-
<b>Ourense</b>							
Número de establecementos	1.037	812	266	2.814	10	116	-
Densidade comercial (en establ./1.000hab.)	3,0	2,4	0,8	8,2	0,0	0,3	-
Superficie de venda media (en m <sup>2</sup> )	106	31	36	76	102	30	-
Superficie de venda por habitante (en m <sup>2</sup> /habitantes)	0,3	0,1	0,0	0,6	-	0,0	-
Nº medio de asalariados por establec.	1,5	0,8	1,7	0,9	0,7	0,7	-
<b>Pontevedra</b>							
Número de establecementos	2.551	2.763	617	7.511	31	343	5
Densidade comercial (en establ./1.000hab.)	2,8	3,0	0,7	8,2	0,0	0,4	0,0
Superficie de venda media (en m <sup>2</sup> )	145	28	36	81	189	41	90
Superficie de venda por habitante (en m <sup>2</sup> /habitantes)	0,4	0,1	0,0	0,7	0,0	0,0	-
Nº medio de asalariados por establec.	2,2	0,9	1,7	1,3	0,9	1,9	62,6

(1) 52.1 Comercio polo miúdo en establecementos non especializados  
 52.2 Comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados  
 52.3 Comercio polo miúdo de produtos farmacéuticos, artigos médicos, beleza e hixiene  
 52.4 Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados  
 52.5 Comercio polo miúdo de bens de segunda man, en establecementos  
 52.7 Reparación de efectos persoais e enseres domésticos  
 52.N Non clasificados do comercio polo miúdo, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e utensilios domésticos

Fonte: IGE, Estructura do comercio

polo miúdo supón o 74,9% e 10,6%, respectivamente.

Atendendo ós distintos grupos de actividade, o **cadro 3.5.4.** reflicte que as actividades de “comercio polo miúdo en establecementos non especializados” e “comercio polo miúdo de bens de segunda man, en establecementos” son as que presentan a maior superficie de venda media, con

161,4 metros cadrados e 134,2 m<sup>2</sup>, respectivamente.

No concenrente á situación laboral no comercio polo miúdo, o devandito **cadro 3.5.3.** amosa que a importancia relativa da poboación ocupada asalariada nos 41.425 establecementos comerciais galegos na poboación asalariada total en Galicia foi do 8,8%, ascendendo o número

medio de asalariados por establecemento a 1,3.

Atendendo ás distintas ramas de actividade, o devandito **cadro 3.5.4.** reflicte que os 11 establecementos de “Non clasificados do comercio polo miúdo, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e utensilios domésticos” presentan o maior número medio de asalariados, con 47,8 asalariados, seguido polo rexistrado no caso do “comercio polo miúdo en establecementos non especializados” (7.537 establecementos en 2001), con 2,0 asalariados, e polo “comercio polo miúdo de produtos farmacéuticos, artigos médicos, beleza e hixiene” (2.030 establecementos), con 1,7 asalariados por establecemento.

## Turismo

O estudio deste subsector divídese en tres apartados, dedicados á análise dos indicadores da oferta turística, os indicadores da demanda e as variables empresariais. Para o mesmo empréganse os datos presentados polo IGE, o INE, a Dirección Xeral de Turismo, os Presupostos Xerais da Xunta e Ardán.

Como punto de partida da análise deste subsector, o **cadro C.3.29.** (*Oferta turística 2001-02*) recolle un resumo da situación da oferta turística de Galicia, salientando o aumento do número de establecementos hoteleiros e de establecementos de turismo rural así como o descenso no número de prazas nos cámpings galegos.

Dende o punto de vista da demanda, o número de visitantes chegados ós establecementos hostaleiros ó longo do 2002 rexistrou unha medra do 3,6% en relación ó ano anterior. O número de viaxeiros chegados a Galicia no último ano acadou os 2.610.941 persoas (fonte: INE), 90.945 máis que as rexistrados no ano 2001, sendo o seu peso relativo no total estatal do 4,4%.

Dos viaxeiros chegados ós establecementos hoteleiros galegos no ano 2002, o 81,8% son residentes en España, en tanto que o 18,2% restante proceden do estranxeiro. Xunto a este predominio do turismo nacional cómpre salientalo importante **grao de estacionalidade**: o grao de

ocupación hoteleira no mes de agosto é do 65,6%, mentres que o mes de xaneiro rexistra unha ocupación de 23,3%. Para o conxunto de España, o grao de ocupación en agosto chega ós 75,1% en tanto que no mes de decembro (mes no que se rexistra o grao de ocupación máis baixo) esta acada o 44,7%.

Ó longo de 2002 o número de viaxeiros nos establecementos de turismo rural experimentou unha medra do 23,7% respecto á 2001, acadando ós 270.741 viaxeiros, 140.938 persoas máis.

### • *Indicadores de oferta*

O número de **hoteis** e **hostais** que funcionaron en Galicia no ano 2002 foi de 534 e 721, respectivamente. Entre ámbolos tipos de establecementos ofertaban un total de 55.561 prazas, un 4,2% máis que en 2001. Os hoteis dispuñan dunha media de 70,4 prazas por establecemento, en tanto que nos hostais e pensións o establecemento medio tiña un total de 24,9 prazas. Desagregando o estudio por categorías, Galicia centra a súa oferta nas categorías baixas dos hoteis, de tal xeito que o 71,6% dos hoteis en Galicia son de unha ou dúas estrelas, e o 66,9% dos hostais son dunha estrela.

Por provincias, Pontevedra oferta o 52,0% do total dos hoteis e das prazas hoteleiras galegas. No que ós hostais se refire, en A Coruña están o 42,6% dos establecementos deste tipo, acollendo Pontevedra o 30,2% dos mesmos. Finalmente, o **cadro 3.5.5.** reflicte que en A Coruña están o 42,9% das fondas e casas de hospedaxe, e que un 30,2% das mesmas sitúanse na provincia de Pontevedra.

O **cadro 3.5.6.** amosa que entre os 109 **campamentos de turismo** que existen en Galicia, predominan os de segunda e terceira categoría, que só hai 20 de primeira categoría e que non hai ningún cámping catalogado como de luxo. Pontevedra e A Coruña acollen o 82,6% dos cámpings galegos (90 cámpings).

En canto á situación dos **restaurantes** e **cafeterías**, **cadro 3.5.7.**, dos 4.978 restaurantes que funcionan en Galicia, 4.046, o 81,3% dos mesmos, son dun só garfo, e só existe un de 5 gar-

■ CADRO 3.5.5.

**Hotéis, hostais, pensións e fondas 2002: número, habitacións e prazas ofertadas**

	Total			A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra		
	Núm.	Habitac.	Prazas	Núm.	Habitac.	Prazas	Núm.	Habitac.	Prazas	Núm.	Habitac.	Prazas	Núm.	Habitac.	Prazas
<b>Hotéis</b>	536	20.588	36.896	128	5.921	10.476	81	2.296	4.127	47	1.534	2.775	280	10.837	19.518
5 estrelas	4	488	924	3	290	547	-	-	-	-	-	-	1	198	377
4 estrelas	40	4.032	7.675	12	1.601	3.042	4	323	619	4	297	534	20	1.811	3.480
3 estrelas	108	5.536	10.117	28	1.708	3.033	12	492	927	9	393	721	59	2.943	5.436
2 estrelas	160	5.314	9.084	40	1.267	2.114	18	480	860	8	229	406	94	3.338	5.704
1 estrela	224	5.218	9.096	45	1.055	1.740	47	1.001	1.721	26	615	1.114	106	2.547	4.521
<b>Hostais e pensións</b>	719	10.439	17.888	306	4.590	7.858	114	1.528	2.608	82	1.179	2.056	217	3.142	5.366
3 estrelas	11	222	351	4	150	222	2	22	38	3	36	64	2	14	27
2 estrelas	227	3.717	6.516	115	1.966	3.478	30	446	780	16	253	452	66	1.052	1.806
1 estrela	481	6.500	11.021	187	2.474	4.158	82	1.060	1.790	63	890	1.540	149	2.076	3.533
<b>Fondas e casas de hóspedes</b>	1.032	7.408	12.551	443	3.161	5.385	161	1.135	1.893	87	647	1.102	341	2.465	4.171
<b>Cidades de vacacións (unha estrela)</b>	1	316	752	1	316	752	-	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>Total</b>	2.288	38.751	68.087	878	13.988	24.471	356	4.959	8.628	216	3.360	5.933	838	16.444	29.055

Fonte: Dirección Xeral de Turismo

**CADRO 3.5.6.**
**Campamentos de turismo 2002: número de establecementos e prazas ofertadas**

	Campings				
	Luxo	Primeira	Segunda	Terceira	Total
<b>A Coruña</b>					
Número	-	7	12	29	48
Prazas	-	3.329	4.888	4.208	12.425
<b>Lugo</b>					
Número	-	-	6	6	12
Prazas	-	-	1.941	962	2.903
<b>Ourense</b>					
Número	-	1	2	4	7
Prazas	-	138	267	761	1.166
<b>Pontevedra</b>					
Número	-	12	23	7	42
Prazas	-	8.280	5.106	1.313	14.699
<b>Total</b>					
Número	-	20	43	46	109
Prazas	-	11.747	12.202	7.244	31.193

Fonte: Dirección Xeral de Turismo

**CADRO 3.5.7.**
**Restaurantes e cafeterías 2001: número e prazas**

	Total		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	Número	Prazas	Número	Prazas	Número	Prazas	Número	Prazas	Número	Prazas
<b>Restaurantes</b>	4.978	302.723	1.781	119.652	791	45.517	446	37.606	1.960	99.948
5 garfos	1	200	1	200	-	-	-	-	-	-
4 garfos	4	198	2	98	-	-	2	100	-	-
3 garfos	14	1.891	10	1.618	1	65	-	-	3	208
2 garfos	913	87.787	405	39.937	152	11.684	82	13.162	274	23.004
1 garfo	4.046	212.647	1.363	77.799	638	33.768	362	24.344	1.683	76.736
<b>Cafeterías</b>	1.503	92.843	570	35.059	244	15.926	96	5.342	593	36.516
3 cuncas	3	380	1	140	-	-	-	-	2	240
2 cuncas	74	5.950	25	1.607	11	868	6	451	32	3.024
1 cuncas	1.426	86.513	544	33.312	233	15.058	90	4.891	559	33.252
<b>Total</b>	6.481	395.566	2.351	154.711	1.035	61.443	542	42.948	2.553	136.464

Fonte: Dirección Xeral de Turismo

fos e 4 de catro. Pola súa banda, das 1.5063 cafeterías abertas en Galicia, só 3 son de máxima categoría.

Outras ofertas de turismo e ocio de Galicia son a estación de esquí de Manzaneda, as prazas en portos deportivos, os 7 parques naturais e un riquísimo patrimonio histórico cultural que axudan a defini-la oferta turística galega.

Xunto a esta oferta turística analizada, en Galicia hai que destacar tamén o papel que ten a oferta do turismo rural, o turismo nos distintos balnearios ou nos paradores. En relación ó ano 2001, cómpre salienta-lo crecemento do 15,4% (590 prazas máis) no número de prazas nos establecementos de turismo rural, e do 1,5% (16 prazas) no caso dos paradores.

As prazas ofertadas polos establecementos de **turismo rural** galegos neste ano foron 4.409,

das que 1.336 e 1.228 prazas son ofertadas polos establecementos das provincias de Lugo e Pontevedra. O **cadro 3.5.8.** reflicte que tódalas provincias galegas rexistran incrementos do número de prazas ofertadas, presentando Pontevedra e A Coruña, con 199 e 196 prazas máis, respectivamente, os maiores crecementos.

No concernente ós **paradores, cadro 3.5.9.**, os 9 establecementos existentes en Galicia ofertan no ano 2002 un total de 553 habitacións e 1.066 prazas. Desagregando a análise por provincias, Pontevedra é a provincia onde máis paradores se atopan, ofertando o 47,5% das prazas dos paradores galegos.

Cómpre, para completa-la análise da oferta, facer referencia ó sistema de promoción do turismo, que leva a cabo **Turgalicia**. O investimento de Turgalicia para o ano 2002 foi de 6.769,0 miles de euros fronte ós 5.977,8 miles de euros do

CADRO 3.5.8.

**Establecementos de turismo rural 2000-01: prazas ofertadas**

	2001	2002	2002		
			Pazos	Casas de aldea	Casas de labranza
<b>A Coruña</b>	899	1.095	210	655	230
<b>Lugo</b>	1.197	1.298	214	850	234
<b>Ourense</b>	586	680	281	393	6
<b>Pontevedra</b>	1.137	1.336	281	903	152
<b>Total</b>	<b>3.819</b>	<b>4.409</b>	<b>986</b>	<b>2.801</b>	<b>622</b>

Fonte: Dirección Xeral de Turismo

CADRO 3.5.9.

**Paradores 2001-02: número, habitacións e prazas ofertadas**

	2001			2002		
	número	habitacións	prazas	número	habitacións	prazas
<b>A Coruña</b>	2	174	324	2	173	328
<b>Lugo</b>	2	95	187	2	95	187
<b>Ourense</b>	1	23	45	1	23	45
<b>Pontevedra</b>	4	262	494	4	262	506
<b>Total</b>	<b>9</b>	<b>554</b>	<b>1.050</b>	<b>9</b>	<b>553</b>	<b>1.066</b>

Fonte: Dirección Xeral de Turismo

CADRO 3.5.10.

**Investimentos de Turgalicia 2001-02**

	2001	2002
	(en €)	
<b>Gastos de establecemento</b>	-	-
<b>Inmovilizado inmaterial</b>	146.593,60	367.849,09
Estudios e traballos técnicos	92.507,34	171.210,22
Patentes e marcas	5.474,94	2.869,23
Aplicacións informáticas	48.611,32	193.769,64
<b>Inmovilizado material</b>	254.900,89	469.777,60
Construcións	-	-
Utilaxe e fotolitos	159,31	107,00
Instalacións eléctricas	9.235,85	1.901,19
Instalacións para tratamento de fluídos	-	17.937,56
Instalacións para telecomunicacións	-	-
Instalacións de seguridade	12.301,64	1.415,20
Outras instalacións	20.245,92	10.335,10
Enseres e equipos de oficina	33.251,01	143.971,44
Möbles	19.485,78	48.558,54
Equipo informático	160.221,38	245.551,57
Elementos de transporte externo	-	-
<b>Promoción</b>	5.576.304,20	5.931.422,34
Edicións	1.289.506,14	1.302.778,97
Campañas publicitarias	1.149.247,37	1.416.123,19
Convenios e patrocinios	69.505,48	74.271,14
Feiras	1.051.843,90	967.453,61
Congresos	1.041,39	-
Xornadas e presentacións	1.203.210,92	1.725.364,17
Viaxes de familiarización	160.016,17	112.524,16
Colaboracións	95.618,40	85.237,66
Axudas para formación	20.245,16	22.535,38
Outras accións de promoción	536.069,27	225.134,06
<b>Total</b>	<b>5.977.798,69</b>	<b>6.769.049,03</b>

Fonte: Turgalicia



ano anterior, salientando na execución do mesmo (**cadro 3.5.10.**), as partidas dedicadas á promoción, con 5.931,4 miles de euros.

#### • *Indicadores de demanda*

A diferenza do acontecido en anos anteriores, o número de viaxeiros chegados ós establecementos hoteleiros galegos rexistrou en 2002 unha medra de 90.945 viaxeiros, para acadalos 2.610.941 viaxeiros nese ano (o 4,4% dos viaxeiros no conxunto do Estado). O **cadro C.3.28.** (*Viaxeiros, pernoctacións e estadia media en establecementos hoteleiros 2001-02*) amosa como unha das características do turismo galego o elevado peso relativo dos viaxeiros residentes en España, que representan o 81,8% dos viaxeiros fronte ó 55,5% no total estatal.

Atendendo á distribución provincial, A Coruña e Pontevedra acollen o 76,9% dos viaxeiros chegados a Galicia, sendo esta porcentaxe de case o 90% no caso dos viaxeiros residentes no estranxeiro. Comparado cos datos do ano 2001, cómpre salientar que Pontevedra rexistra o maior incremento no número de viaxeiros, con 44.584 viaxeiros máis, seguido de Ourense con 19.284 viaxeiros. Atendendo á distribución entre residentes en España e no estranxeiro, o devandito cadro amosa que o número de viaxeiros residentes en España descende en A Coruña (7.147 viaxeiros menos), en tanto que no caso dos residentes no estranxeiro, este descende en Lugo e Pontevedra (3.282 e 2.218 viaxeiros menos, respectivamente). Os incrementos máis importantes rexístranse en Pontevedra, con 46.802 persoas máis, no primeiro caso, e en A Coruña, con 20.994 viaxeiros máis, no segundo caso.

O grao de ocupación hoteleira en Galicia, despois do descenso experimentado en anos anteriores, rexistrou en 2002 unha medra de 1,2 puntos ata chegar ó 40,2%. En España, ó contrario do acontecido en Galicia, continuou o seu descenso, sendo o grao de ocupación de 59,5% (62,1% no ano 2001).

O turismo en Galicia, ó igual que en España, caracterízase por unha forte estacionalidade. En Galicia, o grao de ocupación máximo deuse no mes de agosto cun 65,6%, e o mínimo en xaneiro,

cun 23,3%, namentres que no conxunto do Estado, a ocupación máxima e mínima foi do 75,1% e 44,7% (esta última no mes de decembro). A diferenza entre máximos e mínimos aumentou en Galicia no ano 2002 (42,3 puntos porcentuais fronte ós 41,2 puntos de 2001) ó contrario do acontecido en España, onde a diferenza descende dende os 32,0 puntos ata os 30,4 puntos de 2002 (**cadro 3.5.11.**).

No concerne ós indicadores de demanda dos establecementos de **turismo rural**, o **cadro 3.5.12.** reflicte que o número de viaxeiros nestes establecementos acadou os 129.803 viaxeiros, un 23,7% máis que en 2001, sendo o número de pernoctacións de 270.741, un 21,1% máis que o rexistrado no ano anterior.

Ó igual que en 2001, as provincias de A Coruña e Lugo son as que acollen o maior número de viaxeiros, con 41.235 e 38.489 viaxeiros, en tanto que no caso das pernoctacións, salientan A Coruña e Pontevedra, con 93.188 e 70.486, respectivamente. Atendendo á evolución entre 2001 e 2002, cómpre salientala medra rexistrada no número de viaxeiros nos establecementos lucenses, con 8.794 viaxeiros máis (29,6%), así como o incremento das pernoctacións en A Coruña, con 15.087 pernoctacións máis (19,3%).

A estadia media nos establecementos galegos foi de 2,40 días fronte ós 3,72 días de media no conxunto do Estado. Atendendo á desagregación entre viaxeiros residentes en España e estranxeiros, a estadia media en Galicia foi en 2002 de 2,48 e 2,01 días, respectivamente, fronte ós 2,61 e 5,10 días de media en España, respectivamente.

O grao de ocupación media nos establecementos de turismo rural e a estadia media permaneceron practicamente constantes ó longo de 2002. No concerne ó grao de ocupación medio, o **cadro 3.5.13.** amosa que este ascendeu en Galicia a 18,2%, presentando unicamente os establecementos de A Coruña un grao de ocupación medio superior á media galega (24,7% en 2002). Comparado co ano 2001, o grao de ocupación medra en Lugo e Pontevedra (1,2 e 0,4 puntos porcentuais máis), descendendo en 1,7 puntos porcentuais en A Coruña e en 1,2 puntos en Ourense.

CADRO 3.5.11.

**Graos de ocupación e estadia media en establecementos hoteleiros 2000-02**

	Grao de ocupación					
	Galicia			España		
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	Total	Valor máximo	Valor mínimo
<b>2000</b>	40,2	63,8	27,8	63,4	77,4	46,6
<b>2001</b>	39,0	66,5	25,3	62,1	76,8	44,8
<b>2002</b>	40,2	65,6	23,3	59,5	75,1	44,7

  

	Estadia media					
	Galicia			España		
	Total	Españois	Estranxeiros	Total	Españois	Estranxeiros
<b>2000</b>	2,3	2,4	2,0	3,8	2,6	5,3
<b>2001</b>	2,3	2,4	1,9	3,8	2,6	5,3
<b>2002</b>	2,4	2,5	2,0	3,7	2,6	5,1

Fonte: INE, Encuesta de ocupación hotelera

CADRO 3.5.12.

**Viaxeiros e pernoctacións en establecementos de turismo rural 2001-02**

	2001		2002		02/01	
	Viaxeiros	Pernoct.	Viaxeiros	Pernoct.	Viaxeiros	Pernoct.
					(%)	
<b>A Coruña</b>	35.354	78.101	41.235	93.188	16,6	19,3
<b>Lugo</b>	29.695	56.144	38.489	68.147	29,6	21,4
<b>Ourense</b>	17.609	31.979	22.117	38.920	25,6	21,7
<b>Pontevedra</b>	22.303	57.318	27.962	70.486	25,4	23,0
<b>Total</b>	104.961	223.542	129.803	270.741	23,7	21,1

Fonte: IGE, Estadística de ocupación no turismo rural

CADRO 3.5.13.

**Grao de ocupación e estadia media en establecementos de turismo rural 2001-02**

	2001		2002		02/01	
	GO	EM	GO	EM	GO	EM
	(media anual)				(%)	
<b>A Coruña</b>	26,40	2,21	24,68	2,26	-6,5	2,3
<b>Lugo</b>	14,28	1,89	15,46	1,77	8,3	-6,3
<b>Ourense</b>	18,38	1,82	17,23	1,76	-6,3	-3,3
<b>Pontevedra</b>	15,51	2,57	15,90	2,52	2,5	-1,9
<b>Total</b>	18,14	2,13	18,20	2,09	0,3	-1,9

Fonte: IGE, Estadística de ocupación no turismo rural

**CADRO 3.5.14.**
**Complexo turismo-ocio 2001: actividades que comprende o grupo**

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
		(en millóns de €)				
Distr. Mai. Artículos para deporte e recreo	10	38,71	2,28	-0,78	21,41	9
Distr. Maiorista de xogos e xoguetes	9	40,10	4,16	0,94	29,17	24
Distr. Min. Artíc. Para deporte e bicicletas	17	12,86	2,61	0,57	9,82	8
Distr. Minorista de xoguetes	9	10,54	1,51	0,21	6,78	10
Distr. Min. Cámaras e sumi. fotográficos	7	7,85	1,55	0,27	6,01	16
Axencias de viaxes	48	113,27	10,11	1,02	30,38	9
Restaurantes	135	96,35	33,77	5,86	53,18	15
Bares e cafeterías	86	52,91	20,83	3,32	33,87	15
Hoteis e hospedaxe	133	136,19	67,94	20,22	275,22	18
Prod. e distr. Cinematográfica e de vídeo	22	34,08	15,21	4,69	38,49	18
Serv. Entreten., espectác. e activ. artísticas	69	148,92	42,58	14,36	115,50	17
Clubes e instalacións deportivas	17	18,07	12,40	0,74	17,34	38
Máquinas tragaperras e recreativas	73	147,06	42,55	24,07	124,45	12
<b>Total</b>	<b>635</b>	<b>856,90</b>	<b>257,51</b>	<b>75,50</b>	<b>761,63</b>	<b>15</b>
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)	4,97	1,86	2,80	3,15	2,14	

Fonte: Ardán

**CADRO 3.5.15.**
**Complexo turismo-ocio 2000-01: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

Núcleos	2000	2001	01/00
	(en millóns de €)		(%)
A Coruña	55,85	58,73	5,2
Vigo	32,52	32,49	-0,1
Pontevedra	25,60	29,83	16,5
Santiago	22,44	23,27	3,7
O Grove	13,02	13,64	4,8
Ourense	11,62	13,30	14,5
Lugo	9,24	9,80	6,1
Sanxenxo	7,97	8,31	4,3

Fonte: Ardán

En relación á estadía media en Galicia en 2002, esta foi de 2,1 días, rexistrándose as estadías medias máis elevadas nos establecementos de Pontevedra e A Coruña, con 2,5 días e 2,3 días, respectivamente.

• **Indicadores empresariais**

Segundo o criterio de selección de empresas seguido por Ardán, no ano 2000, o número de empresas relacionadas co subsector do turismo e ocio ascendeu a 635, o que supuña o 5,0% do conxunto empresas seleccionadas. O emprego medio das empresas do subsector, segundo os datos facilitados por elas mesmas, foi de 15 traballadores. Comparado co volume total de empresas consideradas, o VEB xerado polas empresas do subsector de turismo e ocio representa o 2,83% do VEB total, en tanto que o peso

relativo dos ingresos de explotación é do 1,9% no período 2000-01 (**cadro 3.5.14.**)

Atendendo ó VEB a custo de factores xerado polas propias empresas, os principais núcleos de localización, **cadro 3.5.15.**, son A Coruña (58,7 millóns de euros), seguida de Vigo e Pontevedra, con 32,5 e 29,8 millóns de euros, respectivamente. Ó igual que no ano anterior, estes tres núcleos de localización abranguen o 47,0% do VEB xerado polas empresas deste subsector.

A conta de explotación agregada destas 635 empresas amosa un descenso do resultado de actividades ordinarias e do resultado neto do exercicio do 12,8% e 18,8%, respectivamente. En 2001 o peso relativo do resultado de actividades ordinarias nos ingresos de explotación foi do

CADRO 3.5.16.

*Evolución da actividade no complexo turismo-ocio 2000-01: ingresos, custos e resultados*

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Ingresos de explotación	787,28	100	856,90	100	8,8
Consumo e outros gastos de explotación	545,26	69,26	599,40	69,95	9,9
Valor engadido bruto a custo dos factores	242,02	30,74	257,51	30,05	6,4
Gastos de persoal	149,14	18,94	163,35	19,06	9,5
Resultado económico bruto da explotación	92,88	11,80	94,16	10,99	1,4
Amortizacións	39,65	5,04	43,19	5,04	8,9
Resultado económico neto da explotación	53,23	6,76	50,97	5,95	-4,2
Resultado financeiro	-4,42	-0,56	-8,40	-0,98	-90,0
Ingresos financeiros	8,50	1,08	6,03	0,70	-29,0
Gastos financeiros	12,92	1,64	14,43	1,68	11,7
Resultado de actividades ordinarias	48,80	6,20	42,57	4,97	-12,8
Resultado de actividades extraordinarias	13,21	1,68	6,99	0,82	-47,1
Resultado antes de impostos	62,01	7,88	49,56	5,78	-20,1
Impostos	21,86	2,78	16,95	1,98	-22,5
Resultado neto do exercicio	40,15	5,10	32,61	3,81	-18,8
Cash-flow	79,08	10,05	75,50	8,81	-4,5

Fonte: Ardán

CADRO 3.5.17.

*Evolución do investimento e do financiamento no complexo turismo-ocio 2000-01*

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Activo total	698,36	100	761,63	100	9,1
Activo fixo (neto)	457,30	65,48	498,63	65,47	9,0
Gastos amortizables	11,06	1,58	11,84	1,55	7,0
Inmovilizado inmaterial	26,48	3,79	28,40	3,73	7,2
Inmovilizado material	357,27	51,16	389,27	51,11	9,0
Outro inmovilizado	58,24	8,34	65,08	8,55	11,7
Outro activo fixo	4,25	0,61	4,04	0,53	-5,0
Circulante neto	241,05	34,52	263,00	34,53	9,1
Existencias	44,60	6,39	48,85	6,41	9,5
Debedores	111,84	16,01	118,06	15,50	5,6
Tesourería	49,95	7,15	59,71	7,84	19,5
Outro activo circulante	34,67	4,96	36,39	4,78	5,0
Fontes de financiamento	698,36	100	761,63	100	9,1
Financiamento permanente	460,51	65,94	502,25	65,94	9,1
Fondos propios	300,38	43,01	339,79	44,61	13,1
Recursos alleos l/p	142,40	20,39	145,12	19,05	1,9
Ingresos distribuídos en varios exercicios	17,73	2,54	17,34	2,28	-2,2
Acreedores a curto prazo	237,85	34,06	259,38	34,06	9,1
Fondo de rotación	3,20	0,46	3,62	0,47	12,9

Fonte: Ardán

5,0% (6,25% en 2000) e o do resultado neto do exercicio do 3,8% (5,1% no ano anterior).

A medra do VEB no ano 2001 foi do 6,4%, 2,4 puntos inferior á taxa de crecemento experimentada polos ingresos de explotación, polo que o peso relativo do VEB descendeu desde o 30,7% de 2000 ata o 30,1% do ano 2001. Asemade, o devandito cadro reflicte un aumento do valor absoluto dos gastos de persoal do 9,5%, sendo o

seu peso relativo nos ingresos de explotación do 19,1%.

En relación ó **investimento** e ó **financiamento**, **cadro 3.5.17.**, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e o 1,4% do circulante neto, cubríndose o 98,6% restante cos acreedores a curto prazo. O fondo de rotación ascende a 3,6 millóns de euros, un 12,9% máis que no ano ante-

**Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación**

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
<b>2001</b>	5,91	9,04	34,87	26,83	24,44	18,67	4,22	3,19	1,09	1,06	6,29	3,47
<b>2000</b>	5,46	7,94	35,01	26,82	24,72	18,81	4,30	3,04	1,05	1,01	6,28	3,40

**Rendibilidade e magnitudes asociadas**

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
<b>2001</b>	6,99	6,14	4,29	3,44	1,65	1,77	13,33	15,22	2,79	2,48	1,24	2,40
<b>2000</b>	7,19	6,00	4,69	3,34	1,71	1,80	15,44	15,77	2,72	2,30	1,39	2,53

Fonte: Ardán

rior. No concernente ás fontes de financiamento, o 65,9% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 13,1% respecto ó ano anterior, supoñen o 44,6% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 1,9%, cun peso relativo do 19,1% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 761,6 millóns de euros, un 9,1% superior ó valor de 2000, dos que 498,6 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 9,0% superior ó existente o ano anterior). Os 263,0 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 9,1% en relación a 2000.

No que ó estudio económico e financieiro se refire, o **cadro 3.5.18.** reflicte unha aceleración no ritmo de crecemento dos ingresos (5,9% en 2001 fronte ós 5,5% do ano anterior) e un descenso respecto ós ingresos do VEB e do ratio gastos de persoal/ingresos. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é inferior (3,1 puntos porcentuais), mentres que é superior no caso da evolución do VEB sobre os ingresos (8,0 puntos porcentuais) e no caso do ratio gastos de persoal/ingresos (5,8 puntos).

As rendibilidades económica e financeira antes de impostos descenden no ano 2001. A pri-

meira pola caída da marxe de actividade e da rotación de activos, e a segunda pola evolución seguida pola rendibilidade económica e polo incremento do custo da débeda. O devandito **cadro 3.5.18.** amosa que, ó contrario do acontecido no caso da rendibilidade financeira antes de impostos, nos dous ano considerados a rendibilidade económica das empresas do sector é superior á rexistrada polo conxunto das empresas galegas consideradas.

## Comunicacións

A análise do subsector das comunicacións basearase nos datos facilitados polo INE, Correos e Telégrafos e Ardán. Segundo a metodoloxía de Ardán, o subsector das comunicacións estaría composto polas actividades de artes gráficas e actividades de servicios relacionados; a industria editorial; distribución por xunto de artigos de papelería; distribución polo miúdo de libros, periódicos e papelería; a industria da difusión das telecomunicacións; os servicios de estenografía e duplicación; os servicios de comunicación e proceso de datos; e os servicios relacionados coa informática. A actividade de educación, incluída por Ardán neste subsector, trátase como un subsector independente dentro dos servicios.

Un primeiro aspecto que se pode salienta é que o uso da rede internet en Galicia é aínda baixo en relación a media estatal, sendo unha das

CADRO 3.5.19.

Correspondencia postal nacida e distribuída e investimentos de Correos e Telégrafos 2001-02

	Correspondencia nacida (1)			Correspondencia distribuída			Investimento
	2001	2002	02/01	2001	2002	02/01	2002
	(en miles de obxectos)		(%)	(en miles de obxectos)		(%)	(en €)
A Coruña	86.363	84.001	-2,7	152.508	146.095	-4,2	6.573.995
Lugo	17.238	18.227	5,7	42.876	44.113	2,9	611.555
Ourense	12.987	13.570	4,5	37.347	35.847	-4,0	2.489.960
Pontevedra	56.388	50.937	-9,7	119.764	114.942	-4,0	3.922.374
<b>Total</b>	<b>172.977</b>	<b>166.735</b>	<b>-3,6</b>	<b>352.496</b>	<b>340.996</b>	<b>-3,3</b>	<b>13.597.884</b>

(1) excluída a correspondencia electoral  
Fonte: Correos y Telégrafos

comunidades que menos usa “a rede”, só por diante de Estremadura e Castela A Mancha e ó mesmo nivel que Murcia. No ano 2002, a porcentaxe de poboación que empregou internet no último mes antes da enquisa foi do 18,9% (14,6% no ano anterior).

• *Servicio postal*

A correspondencia distribuída en Galicia (excluída a correspondencia electoral) descendeu un 3,3% ó longo do ano 2002, para acadalos 341,0 millóns de obxectos. A provincia de A Coruña acolle o 42,8% da correspondencia distribuída fronte ó 33,7% da provincia de Pontevedra.

Comparado co ano anterior, o **cadro 3.5.19.** reflicte a caída da correspondencia distribuída en tódalas provincias galegas agás en Lugo, que rexistra unha medra do 2,9% respecto ó ano anterior. O maior descenso prodúcese na provincia de A Coruña, cun 4,2% menos que en 2001, sendo a redución do 4,0% en Ourense e Pontevedra.

No caso da correspondencia nacida en Galicia no ano 2002, esta reduciuse un 3,6% respecto á rexistrada no ano anterior, situándose nos 166,7 millóns de obxectos. O 50,4% destes obxectos corresponden á provincia de A Coruña, e un 30,5% á de Pontevedra.

Comparado co ano anterior, Lugo e Ourense presentan unha medra do 5,7% e 4,5%, namentres que en A Coruña e Pontevedra, a correspondencia nacida cae un 2,7% e 9,7%, respectivamente.

• *Indicadores empresariais*

Segundo o criterio de selección de empresas empregado por Ardán, o número de empresas

relacionadas co subsector comunicacións (apoio ó tratamento e difusión da información) ascende no ano 2000 a 449, o que supuña o 3,5% do conxunto de empresas galegas consideradas. O emprego medio das empresas do subsector, segundo os datos facilitados por elas mesmas, foi de 22 traballadores. Comparado coa selección utilizada para o estudio de empresas galegas, o VEB xerado polas empresas do subsector das comunicacións (199,9 millóns de euros) representa o 2,2% do VEB total, en tanto que o peso relativo dos ingresos de explotación (818,6 millóns de euros) é do 1,87%.

Atendendo á metodoloxía Ardán, a actividade máis importante en canto ó número de empresas se refire é a de servizos relacionados coa informática, con 129 empresas, seguida das artes gráficas e actividades de servizos relacionados, con 107 empresas. As 31 empresas pertencentes á actividade de edición son as que xeran un maior valor engadido bruto, con 73,8 millóns de euros, seguida dos servizos relacionados coa informática e das artes gráficas e actividades de servizos relacionados, con 47,6 e 44,3 millóns de euros, respectivamente (**cadro 3.5.20.**)

Atendendo ó VEB a custo de factores xerado polas propias empresas, Vigo e A Coruña son os principais núcleos de localización, con 57,7 e 43,8 millóns de euros, respectivamente, seguidas de Arteixo, con 31,3 millóns de euros. Entre as tres acollen o 66,4% do VEB xerado neste subsector. (**cadro 3.5.21.**)

Respecto á evolución da actividade: ingresos, custos e resultados, no **cadro 3.5.22.** conséntase que en 2001 o VEB a custo de factores rexistra unha medra do 13,6%, 2,5 puntos superior ó experimentado polos ingresos de explotación,

**CADRO 3.5.20.**
**Sector das comunicacións 2001: actividades que comprende o grupo**

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
	(en millóns de €)					
Industria editorial	31	174,09	73,80	14,04	182,33	65
Artes gráficas e actividades de servicios relac.	107	123,83	44,28	9,92	114,15	15
Distr. Mai. de artigos de papelería	37	123,06	13,17	1,87	39,29	16
Distr. Min. de libros, periódicos e papelería	37	27,59	5,22	0,63	22,78	9
Industria da difusión das telecomunicacións	14	43,01	-22,23	-51,57	90,69	81
Servicios de estenografía e duplicación	3	1,29	0,25	-0,19	0,48	13
Servicios de comunicación e proceso datos	18	128,53	6,02	-19,78	461,23	64
Servicios relacionados coa informática	129	145,10	47,59	7,16	85,51	14
Educación	73	52,07	31,81	3,00	51,86	21
<b>Total</b>	<b>449</b>	<b>818,57</b>	<b>199,92</b>	<b>-34,92</b>	<b>1.048,32</b>	<b>22</b>
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)	3,51	1,78	2,18	-1,46	2,95	

Fonte: Ardán

**CADRO 3.5.21.**
**Sector das comunicacións 2000-01: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

Núcleos	2000	2001	01/00
	(en millóns de €)		(%)
Vigo	44,24	57,66	30,3
A Coruña	43,19	43,76	1,3
Arteixo	32,05	31,32	-2,3
Lugo	10,00	10,08	0,8
San Cibrao das Viñas	8,30	7,36	-11,3
Ourense	5,78	6,12	5,8
Santiago	-2,22	5,60	-351,5
Mos	5,06	5,41	7,1

Fonte: Ardán

**CADRO 3.5.22.**
**Evolución da actividade no sector das comunicacións 2000-01: ingresos, custos e resultados**

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Ingresos de explotación	736,82	100	818,57	100	11,1
Consumo e outros gastos de explotación	560,79	76,11	618,65	75,58	10,3
Valor engadido bruto a custo dos factores	176,03	23,89	199,92	24,42	13,6
Gastos de persoal	201,24	27,31	222,30	27,16	10,5
Resultado económico bruto da explotación	-25,21	-3,42	-22,38	-2,73	11,2
Amortizacións	42,04	5,71	54,03	6,60	28,5
Resultado económico neto da explotación	-67,26	-9,13	-76,41	-9,33	-13,6
Resultado financeiro	-15,04	-2,04	-17,91	-2,19	-19,1
Ingresos financeiros	2,12	0,29	6,21	0,76	192,6
Gastos financeiros	17,16	2,33	24,12	2,95	40,5
Resultado de actividades ordinarias	-82,29	-11,17	-94,32	-11,52	-14,6
Resultado de actividades extraordinarias	56,28	7,64	-5,62	-0,69	-110,0
Resultado antes de impostos	-26,01	-3,53	-99,94	-12,21	-284,2
Impostos	-8,72	-1,18	-16,44	-2,01	-88,7
Resultado neto do exercicio	-17,30	-2,35	-83,49	-10,20	-382,7
Cash-flow	23,95	3,25	-34,92	-4,27	-245,8

Fonte: Ardán

CADRO 3.5.23.

*Evolución do investimento e do financiamento no sector das comunicacións 2000-01*

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
<b>Activo total</b>	824,31	100	1.048,32	100	27,2
<b>Activo fixo (neto)</b>	428,39	51,97	603,98	57,61	41,0
Gastos amortizables	22,58	2,74	25,56	2,44	13,2
Inmovilizado inmaterial	90,09	10,93	102,42	9,77	13,7
Inmovilizado material	238,27	28,91	348,99	33,29	46,5
Outro inmovilizado	77,06	9,35	126,68	12,08	64,4
Outro activo fixo	0,40	0,05	0,33	0,03	-17,9
<b>Circulante neto</b>	395,92	48,03	444,34	42,39	12,2
Existencias	72,22	8,76	82,69	7,89	14,5
Debedores	268,47	32,57	309,49	29,52	15,3
Tesourería	30,00	3,64	30,73	2,93	2,5
Outro activo circulante	25,23	3,06	21,42	2,04	-15,1
<b>Fontes de financiamento</b>	824,31	100	1.048,32	100	27,2
<b>Financiamento permanente</b>	446,56	54,17	575,84	54,93	28,9
Fondos propios	107,38	13,03	220,00	20,99	104,9
Recursos alleos l/p	306,94	37,24	327,06	31,20	6,6
Ingresos distribuídos en varios exercicios	32,23	3,91	28,77	2,74	-10,7
<b>Acreedores a curto prazo</b>	377,75	45,83	472,49	45,07	25,1
<b>Fondo de rotación</b>	18,17	2,20	-28,14	-2,68	-254,9

Fonte: *Ardán*

CADRO 3.5.24.

*Sector das comunicacións 2000-01: estudio económico-financiero*

*Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación*

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
<b>2001</b>	8,72	9,04	35,48	26,83	26,97	18,67	3,02	3,19	1,41	1,06	3,96	3,47
<b>2000</b>	9,03	7,94	33,46	26,82	26,15	18,81	3,24	3,04	1,14	1,01	4,09	3,40

*Rendibilidade e magnitudes asociadas*

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
<b>2001</b>	5,92	6,14	3,13	3,44	1,73	1,77	13,01	15,22	2,98	2,48	2,32	2,40
<b>2000</b>	6,05	6,00	3,38	3,34	1,78	1,80	16,25	15,77	2,64	2,30	2,40	2,53

Fonte: *Ardán*



**Vendas de combustibles líquidos 2001-02**

	2001	2002	02/01
	(en miles de Tm.)		(%)
Gasolinas	461,9	415,0	-10,2
Gasóleos	2.050,3	2.046,0	-0,2
Gasóleo A	1.175,3	1.232,6	4,9
Outros combustibles	794,2	820,6	3,3
<b>Total</b>	<b>3.306,4</b>	<b>3.281,5</b>	<b>-0,8</b>

Fonte: IGE

sendo o seu peso relativo no total de ingresos do 24,4%. Nese ano, o resultado neto do exercicio, o resultado de actividades ordinarias e o resultado antes de impostos, volven a acadar valores negativos.

En relación ó estudio do balance agregado das empresas deste sector, o **cadro 3.5.23.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente non a totalidade do activo fixo neto (cubre o 95,1% do activo fixo), acadando o fondo de rotación un valor negativo de 28,1 millóns de euros. No concernente ás fontes de financiamento, o 54,9% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 104,9% respecto ó ano anterior, supoñen o 21,0% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 6,6%, cun peso relativo do 31,2% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 1.048,3 millóns de euros, un 27,2% superior ó valor de 2000, dos que 604,0 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 41,0% superior en relación ó ano anterior). Os 444,3 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 12,2% con relación a 2000.

No que ó estudio económico e financeiro se refire, o **cadro 3.5.24.** reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, e unha medra respecto ós ingresos do VEB e dos gastos de persoal, así como da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é 0,3 puntos inferior, ó contrario do acontecido no caso da evolución do VEB sobre os ingresos e da relación gastos de

persoal/ingresos, onde é 8,7 e 8,3 puntos porcentuais superior, respectivamente.

O devandito **cadro 3.5.24.** amosa un descenso das rendibilidades económica e financeira antes de impostos. A primeira influenciada pola evolución da marxe de actividade e da rotación de activos e a segunda debido a evolución da rendibilidade económica e á medra do custo da débeda.

## Transporte

Na análise do subsector transporte considéranse tanto os transportes de pasaxeiros como de mercadorías nas diferentes modalidades: estrada, ferrocarril, aéreo e marítimo. Para a mesma empréganse os datos presentados polo IGE, o INE, o Ministerio de Fomento, Renfe, as autoridades portuarias, AENA e Ardán.

Unha primeira aproximación ó estudio dos transportes está recollida no **cadro C.3.30.** (*Transporte de mercadorías e pasaxeiros 2001-02: datos xerais*), onde se resumen os datos do transporte de mercadorías e viaxeiros nas diferentes modalidades de transporte. O transporte por estrada é o máis importante á hora de falar tanto do tráfico de pasaxeiros como no de mercadorías, seguíndolle en importancia o ferrocarril no que ó tráfico de pasaxeiros se refire, e ó marítimo no caso das mercadorías.

A poboación ocupada no subsector “transportes e actividades anexas. Comunicacions” ascendeu, **cadro C.3.3.** (*Poboación ocupada 2001-02: distribución segundo ramas de actividade*), a 52,5 miles de persoas en 2002, 1,8 miles de ocupados máis que no ano anterior.

CADRO 3.5.26.

**Matriculacións de vehículos 2001-02**

	2001	2002	02/01
			(%)
<b>Camións e furgonetas</b>	11.124	10.336	-7,1
<b>Autobuses</b>	163	159	-2,5
<b>Turismos</b>	79.140	67.429	-14,8
<b>Motocicletas</b>	1.970	2.903	47,4
<b>Tractores industriais</b>	1.018	1.000	-1,8
<b>Total</b>	<b>93.415</b>	<b>81.827</b>	<b>-12,4</b>

Fonte: IGE

CADRO 3.5.27.

**Transporte urbano: viaxeiros transportados en autobús nas CC.AA. 2001-02 (1)**

	2001	2002	02/01
	(en miles de persoas)		(%)
<b>Andalucía</b>	249.533	240.756	-3,5
<b>Aragón</b>	110.693	110.537	-0,1
<b>Asturias</b>	37.714	38.565	2,3
<b>Canarias</b>	55.477	54.132	-2,4
<b>Cantabria</b>	19.088	18.938	-0,8
<b>Castela e León</b>	69.766	69.995	0,3
<b>Castela - A Mancha</b>	18.578	17.673	-4,9
<b>Cataluña</b>	275.503	269.672	-2,1
<b>C. Valenciana</b>	136.815	138.883	1,5
<b>Extremadura</b>	13.892	13.567	-2,3
<b>Galicia</b>	<b>57.598</b>	<b>56.836</b>	<b>-1,3</b>
<b>Madrid</b>	568.673	540.810	-4,9
<b>Pais Vasco</b>	63.120	63.083	-0,1
<b>Outras</b>	72.834	72.736	-0,1
<b>Total</b>	<b>1.749.284</b>	<b>1.706.184</b>	<b>-2,5</b>

(1) datos provisionais

Fonte: INE, Estadística de transporte de viajeros

Comparado coa poboación ocupada no sector servizos, a importancia relativa dos ocupados neste subsector medra no ano 2002, pasando do 8,9% ata os 9,0%.

A venda total de combustibles líquidos, **cadro 3.5.25.**, a diferenza do acontecido no ano 2001, rexistrou en 2002 un lixeiro descenso, acadando as 3.281,5 miles de toneladas (un 0,8% menos). Esta caída prodúcese fundamentalmente pola caída das vendas de gasolinas, que presentan un descenso do 10,2%, permanecendo practicamente constantes as vendas de gasóleos, que caen un 0,2% respecto a 2001.

• **Transporte por estrada**

Ó longo do ano 2002 continúa o descenso do número de **vehículos matriculados**, que acada os 81.827 vehículos, 11.588 menos (un 12,4%) que os matriculados en 2001. O **cadro 3.5.26.** reflicte que este descenso prodúcese nos diferentes tipos de vehículos agás no caso das

motocicletas, que experimentan unha medra do 47,4% (933 motocicletas máis). O descenso máis acusado prodúcese no caso dos turismos, cunha caída de 14,8% (11.711 vehículos menos que en 2001), sendo do 7,1% (788 vehículos) no caso dos camións e furgonetas.

No caso do **transporte urbano**, o número de viaxeiros transportados en autobús rexistrou unha caída do 1,3% en relación ó ano 2001, acadando os 56.836 miles de viaxeiros en 2002. Comparado co total estatal, estes viaxeiros representan o 3,3% do total de viaxeiros transportados en autobús.

No concernente ó transporte de **mercadorías**, o **cadro 3.5.28.** reflicte que ó longo do ano 2002 medrou o número de toneladas transportadas en Galicia, sendo este incremento do 7,9%, máis de catro puntos inferior á rexistrada no conxunto do Estado. O volume total de mercadorías transportadas ascendeu a 78.967 miles de toneladas (o 7,0% do total estatal), o que a converte na

**Transporte por estrada 2001-02: mercadorías cargadas e descargadas nas CC.AA**

	2001	2002	02/01
	<i>(en miles de Tm.)</i>		<i>(%)</i>
<b>Andalucía</b>			
total	161.463	191.832	18,8
%interrexional	21,8	20,1	
<b>Aragón</b>			
total	55.207	60.978	10,5
%interrexional	61,2	57,4	
<b>Asturias</b>			
total	37.501	40.704	8,5
%interrexional	43,1	40,0	
<b>Baleares</b>			
total	16.062	17.118	6,6
%interrexional	-	-	
<b>Canarias</b>			
total	17.231	20.179	17,1
%interrexional	-	-	
<b>Cantabria</b>			
total	23.746	29.406	23,8
%interrexional	52,1	52,7	
<b>Castela A Mancha</b>			
total	78.468	84.300	7,4
%interrexional	56,1	56,0	
<b>Castela e León</b>			
total	106.398	117.428	10,4
%interrexional	42,7	41,9	
<b>Cataluña</b>			
total	211.257	227.491	7,7
%interrexional	24,0	24,9	
<b>Com. Valenciana</b>			
total	165.551	191.576	15,7
%interrexional	32,9	30,6	
<b>Extremadura</b>			
total	24.440	24.499	0,2
%interrexional	46,7	41,5	
<b>Galicia</b>			
total	73.164	78.967	7,9
%interrexional	24,6	23,0	
<b>Madrid</b>			
total	96.621	109.415	13,2
%interrexional	53,8	53,4	
<b>Murcia</b>			
total	44.268	45.221	2,2
%interrexional	54,3	58,7	
<b>Navarra</b>			
total	33.944	35.848	5,6
%interrexional	63,9	62,8	
<b>País Vasco</b>			
total	81.437	91.801	12,7
%interrexional	47,6	46,4	
<b>A Rioxa</b>			
total	14.422	16.044	11,2
%interrexional	76,4	72,2	
<b>Total</b>			
total	1.006.105	1.128.457	12,2
%interrexional	23,3	22,5	

Fonte: Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico

oitava comunidade en canto a volume de mercadorías transportadas se refire, por detrás de Cataluña, Andalucía, C. Valenciana, Castela e León, Madrid, País Vasco e Castela A Mancha.

O devandito cadro amosa a que en Galicia a importancia relativa do comercio interrexional no tráfico total galego en 2002 foi do 23,0%, sendo en España esa porcentaxe do 22,5% no mesmo período de tempo.

• **Transporte ferroviario**

O número de viaxeiros con orixe e destino nas estacións galegas no ano 2002 ascendeu ata

as 5.891,3 miles de persoas, un 1,4% superior ó rexistrado o ano anterior. Nese ano subiron nas estación galegas un total de 2.951,1 miles de persoas (un 1,5% máis que en 2001) e baixaron 2.940,2 miles de persoas (un 1,4% máis).

Atendendo á distribución provincial, o **cadro 3.5.29.** amosa que o tráfico de pasaxeiros con destino e orixe en Galicia medra nas provincias de A Coruña e Pontevedra, sendo esta última a que presenta o maior incremento, con 86.506 viaxeiros máis (un 3,8% máis respecto a 2001). Pola contra, Lugo é quen presenta a maior caída de pasaxeiros, con 24.625 pasaxeiros menos que en 2001 (11,9%).

CADRO 3.5.29.

**Tráfico ferroviario de viaxeiros 2001-02**

	Total		
	2001	2002	02/01
			(%)
<b>A Coruña</b>			
Orixe	1.378.564	1.371.670	-0,5
Destino	1.353.061	1.390.055	2,7
<b>Lugo</b>			
Orixe	101.114	87.816	-13,2
Destino	105.828	94.501	-10,7
<b>Ourense</b>			
Orixe	284.750	283.431	-0,5
Destino	284.113	277.624	-2,3
<b>Pontevedra</b>			
Orixe	1.142.807	1.208.213	5,7
Destino	1.156.909	1.178.009	1,8
<b>Total</b>			
Orixe	2.907.235	2.951.130	1,5
Destino	2.899.911	2.940.189	1,4

Fonte: Renfe

CADRO 3.5.30.

**Tráfico ferroviario de mercadorías 2001-02**

	Total		
	2001	2002	02/01
		(en Tm.)	(%)
<b>A Coruña</b>			
Orixe	423.257	691.157	63,3
Destino	524.559	904.535	72,4
<b>Lugo</b>			
Orixe	109.045	187.245	71,7
Destino	50.047	97.131	94,1
<b>Ourense</b>			
Orixe	20.202	735	-96,4
Destino	169.237	426.007	151,7
<b>Pontevedra</b>			
Orixe	408.910	591.844	44,7
Destino	786.153	547.256	-30,4
<b>Total</b>			
Orixe	961.414	1.470.981	53,0
Destino	1.529.996	1.974.929	29,1

Fonte: Renfe

Pola banda dos transportes de **mercadorías**, **cadro 3.5.30.**, en 2002 creceu o volume total de mercadorías transportadas un 38,3% respecto ó ano anterior. Das 2.445,9 miles de toneladas transportadas, o 57,3% tivo o seu destino Galicia (un 29,1% máis que no ano anterior) en tanto que o 42,7% restante tivo a súa orixe en Galicia (un 53,0% superior ó volume transportado en 2001).

Atendendo á distribución provincial, o devandito **cadro 3.5.30.** amosa que A Coruña, despois da medra do 68,4% respecto ó ano anterior, é a provincia con maior volume de transporte de mercadorías, ó acolle-lo 46,3% do volume total tráfico ferroviario, fronte ó 38,0% do ano anterior. Asemade, cómpre salientar que o tráfico ferroviario descende tan só na provincia de Pontevedra, que rexistra unha caída do 4,7%, en

tanto que o volume de mercadorías transportadas medra en Lugo e Ourense un 78,7% e 125,3%, respectivamente.

• **Transporte marítimo**

O tráfico de **pasaxeiros** nos portos galegos de interese xeral experimentou unha medra do 24,9% ó longo do ano 2002, pasando dos 83.362 pasaxeiros de 2001 ás 104.110 persoas do 2002 (o 0,6% do total estatal). O porto de Vigo acolleu o 69,6% do total dos pasaxeiros nos portos de interese xeral (un total de 72.434 pasaxeiros) mentres que A Coruña acolle o 24,8% (25.790 pasaxeiros). Comparado co ano 2001, o número de viaxeiros medrou nos portos de Vigo e Vilagarcía (un 42,7% e 4,5% máis, respectivamente), descendendo un 4,3% no caso do porto de A Coruña.

**CADRO 3.5.31.**
**Tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral 2001-02**

	2001	2002	02/01 (%)
Ferrol-San Cibrao	-	-	-
A Coruña	26.955	25.790	-4,3
Marín-Pontevedra	-	-	-
Vigo	50.773	72.434	42,7
Vilagarcía	5.634	5.886	4,5
<b>Total</b>	<b>83.362</b>	<b>104.110</b>	<b>24,9</b>
<b>Total Portos do Estado</b>	<b>18.572.427</b>	<b>19.096.800</b>	<b>2,8</b>
<b>G/E (%)</b>	<b>0,4</b>	<b>0,5</b>	

Fonte: Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico

**CADRO 3.5.32.**
**Tráfico total nos portos de interese xeral 2001-02**

	2001 (en Tm.)	2002	02/01 (%)
Ferrol-San Cibrao	8.728.453	9.248.200	6,0
A Coruña	11.706.992	12.939.577	10,5
Marín-Pontevedra	1.905.904	1.995.312	4,7
Vigo	4.031.664	4.091.141	1,5
Vilagarcía	1.024.516	1.160.573	13,3
<b>Total</b>	<b>27.397.529</b>	<b>29.434.803</b>	<b>7,4</b>
<b>Total Portos do Estado</b>	<b>348.819.390</b>	<b>361.380.751</b>	<b>3,6</b>
<b>G/E (%)</b>	<b>7,9</b>	<b>8,1</b>	

Fonte: Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico

**CADRO 3.5.33.**
**Tráfico de mercadorías nos portos de interese xeral 2001-02**

	Graneis líquidos		Graneis sólidos		Mercadoría xeral	
	2001	2002	2001	2002	2001	2002
	(en Tm.)					
Ferrol-San Cibrao	728.049	1.108.559	7.371.977	7.626.423	611.276	494.532
A Coruña	7.124.209	7.533.298	3.238.178	4.031.959	427.149	580.016
Marín-Pontevedra	-	351	872.043	1.097.119	937.572	814.184
Vigo	49.811	42.031	689.614	658.212	2.891.635	2.957.508
Vilagarcía	317.282	363.485	431.432	521.872	267.572	268.604
<b>Total</b>	<b>8.219.351</b>	<b>9.047.724</b>	<b>12.603.244</b>	<b>13.935.585</b>	<b>5.135.204</b>	<b>5.114.844</b>
<b>Total Portos do Estado</b>	<b>126.088.543</b>	<b>125.547.236</b>	<b>93.049.559</b>	<b>100.103.944</b>	<b>117.986.034</b>	<b>124.077.883</b>
<b>G/E (%)</b>	<b>6,52</b>	<b>7,21</b>	<b>13,54</b>	<b>13,92</b>	<b>4,35</b>	<b>4,12</b>

  

	Pesca fresca		Tráfico local e Avituallamento		Total	
	2001	2002	2001	2002	2001	2002
	(en Tm.)					
Ferrol-San Cibrao	277	151	16.874	18.535	8.728.453	9.248.200
A Coruña	29.162	25.395	888.294	768.909	11.706.992	12.939.577
Marín-Pontevedra	6.714	6.434	89.575	77.224	1.905.904	1.995.312
Vigo	78.825	80.139	321.779	353.251	4.031.664	4.091.141
Vilagarcía	-	-	8.230	6.612	1.024.516	1.160.573
<b>Total</b>	<b>114.978</b>	<b>112.119</b>	<b>1.324.752</b>	<b>1.224.531</b>	<b>27.397.529</b>	<b>29.434.803</b>
<b>Total Portos do Estado</b>	<b>267.625</b>	<b>246.081</b>	<b>11.427.629</b>	<b>11.405.607</b>	<b>348.819.390</b>	<b>361.380.751</b>
<b>G/E (%)</b>	<b>42,96</b>	<b>45,56</b>	<b>11,59</b>	<b>10,74</b>	<b>7,85</b>	<b>8,15</b>

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de Puertos del Estado e das Autoridades Portuarias

**Movemento de mercadorías descargadas e cargadas 2002**

	Graneis sólidos	Mercadoría xeral	Total
	(en Tm.)		
Ribadeo	153.308	185.629	338.937
Burela	29.932	4.352	34.284
Viveiro/Celeiro	156.616	2.404	159.020
Cariño	584.055	-	584.055
Laxe	2.250	9.338	11.588
Sada	5.632	1.902	7.534
Cee	146.656	1.273	147.929
Muros	-	-	-
Corcubión	-	-	-
A Pobra	9.012	115.856	124.868
Ribeira	7.159	89.779	96.938
<b>Total</b>	<b>1.094.620</b>	<b>410.533</b>	<b>1.505.153</b>

Fonte: Portos de Galicia

Respecto ós movementos de **mercadorías** nestes portos, o **cadro 3.5.32.** amosa unha medra do 7,4% respecto ó ano 2001. O tráfico portuario total nos portos de interese xeral ascendeu a 29.434,8 miles de toneladas (o 8,1% do total estatal), sendo o de A Coruña o de maior movemento, ó acolle-lo 44,0% do tráfico total de mercadorías (12.939,6 miles de toneladas). Comparado co ano anterior, tódolos portos rexistran unha medra no volume de mercadorías transportadas, sendo os portos de A Coruña e Vilagarcía so que experimentan o maior incremento, cun 10,5% e 13,3% máis que en 2001.

O movemento de mercadorías máis importante, en termos absolutos, corresponde ós graneis sólidos, con 13.935,6 miles de toneladas, das que o porto de Ferrol-San Cibrao move o 54,7% (7.626,4 miles de toneladas) e o porto de A Coruña un 28,9% (4.032,0 miles de toneladas). Salienta tamén o movemento de graneis líquidos, con 9.047,7 miles de toneladas, das que 7.533,3 miles (83,3%) corresponden ó porto de A Coruña.

Asemade, hai que salienta-la elevada importancia relativa do tráfico de pesca fresca no total estatal. Os portos galegos de interese xeral move-lo 45,6% do tráfico portuario de pesca fresca no ano 2002, sendo o porto de Vigo o máis importante ó acolle-lo 71,5% do total de Galicia (80.139 toneladas) e o 32,6% do total dos portos de interese xeral de España.

Nos portos pertencentes a Portos de Galicia, o tráfico total de **pasaxeiros** ascendeu no ano 2002 a 645.041 persoas. Respecto ó movemento

de **mercadorías** descargadas e cargadas no ano 2002, este ascendeu a 1.505,2 miles de toneladas (1.094,6 miles de toneladas corresponden a graneis sólidos), ascendendo o volume total de pesca descargada nestes portos a 72.814,9 toneladas.

O **cadro 3.5.34.** amosa a desagregación deste movemento de mercadorías segundo o porto onde se realiza a carga e descarga. En 2002 o porto de Cariño foi o que presentou o maior movemento de mercadorías cargadas e descargadas, con 584.055 toneladas, seguido do porto de Ribadeo, con 338.937 toneladas. Entre ámbolos dous portos acollen o 61,3% do volume total de mercadorías.

• **Transporte aéreo**

Ó longo do ano 2002, o número de aeronaves nos aeroportos galegos (sen considera-las aeronaves militares, de Estado, privadas e traballos aéreos) foi de 32.364, un 13,6% menos que en 2001. O **cadro 3.5.35.** amosa que o aeroporto de Santiago é o que acolle o maior número de aeronaves, con 15.037 (o 46,5%), seguido por Vigo, con 9.928 (30,7%) e A Coruña, con 7.399 aeronaves (22,9%). Comparado co ano anterior, o devandito descenso rexistrouse nos tres aeroportos galegos, sendo o máis acusado o experimentado en A Coruña, cunha caída do 26,6%, seguido polos rexistrados en Santiago e Vigo, que foron do 10,2% e 6,7%, respectivamente.

O número de **pasaxeiros** nos aeroportos galegos, **cadro 3.5.36.**, foi de 2.513.250 persoas, un 6,4% inferior ó rexistrado en 2001. A caída

**CADRO 3.5.35.**
**Tráfico aéreo 2001-02: aeronaves (1)**

	2001	2002			02/01 (%)
		Total	Interior	Internacional	
<b>A Coruña</b>	10.076	7.399	5.790	1.609	-26,6
<b>Santiago</b>	16.754	15.037	11.628	3.409	-10,2
<b>Vigo</b>	10.636	9.928	9.050	878	-6,7
<b>Total</b>	<b>37.466</b>	<b>32.364</b>	<b>26.468</b>	<b>5.896</b>	<b>-13,6</b>
<b>Total España</b>	<b>1.564.423</b>	<b>1.531.568</b>	<b>800.734</b>	<b>730.834</b>	<b>-2,1</b>
<b>G/E (%)</b>	<b>2,4</b>	<b>2,1</b>	<b>3,3</b>	<b>0,8</b>	

(1) Non se inclúen Outras Clases de Tráfico (militares, de estado, privados e traballos aéreos)  
Fonte: AENA

**CADRO 3.5.36.**
**Tráfico aéreo 2001-02: pasaxeiros (1)**

	2001	2002			02/01 (%)
		Total	Interior	Internacional	
<b>A Coruña</b>	643.559	522.061	508.060	14.001	-18,9
<b>Santiago</b>	1.251.434	1.212.409	1.078.998	133.411	-3,1
<b>Vigo</b>	790.163	778.780	742.427	36.353	-1,4
<b>Total</b>	<b>2.685.156</b>	<b>2.513.250</b>	<b>2.329.485</b>	<b>183.765</b>	<b>-6,4</b>
<b>Total España</b>	<b>142.874.877</b>	<b>141.303.253</b>	<b>58.132.555</b>	<b>83.170.698</b>	<b>-1,1</b>
<b>G/E (%)</b>	<b>1,9</b>	<b>1,8</b>	<b>4,0</b>	<b>0,2</b>	

(1) Non se inclúen pasaxeiros en tránsito directo internacional nin outras Clases de Tráfico  
Fonte: AENA

**CADRO 3.5.37.**
**Tráfico aéreo 2001-02: mercadorías (1)**

	2001	2002			02/01 (%)
		Total	Interior	Internacional	
		(en Tm.)			
<b>A Coruña</b>	700.798	482.294	480.376	1.918	-31,2
<b>Santiago</b>	6.288.793	5.716.382	2.540.791	3.175.591	-9,1
<b>Vigo</b>	1.698.923	1.153.148	1.114.691	38.457	-32,1
<b>Total</b>	<b>8.688.514</b>	<b>7.351.824</b>	<b>4.135.858</b>	<b>3.215.966</b>	<b>-15,4</b>
<b>Total España</b>	<b>583.276.032</b>	<b>575.826.742</b>	<b>232.132.948</b>	<b>343.693.794</b>	<b>-1,3</b>
<b>G/E (%)</b>	<b>1,5</b>	<b>1,3</b>	<b>1,8</b>	<b>0,9</b>	

(1) Non se inclúen mercadorías en Outras Clases de Tráfico (militares, de Estado, privados e traballos aéreos)  
Fonte: AENA

experimentouse nos tres aeroportos, sendo a caída do 18,9% no aeroporto de A Coruña, e do 3,1% e 1,4% en Santiago e Vigo, respectivamente. O aeroporto de Santiago é quen acolle ó maior número de viaxeiros, con 1.212.409 pasaxeiros (o 48,2% do total de Galicia), seguido do aeroporto de Vigo, con 778.780 persoas (31,0%) e A Coruña, con 522.061 pasaxeiros (20,8%).

En relación ó tráfico de **mercadorías**, o **cadro 3.5.37.** reflicte un descenso do 15,4% no volume total de mercadorías transportadas, para situarse nas 7.351,8 miles de toneladas (o aeroporto de Santiago acolle o 77,8%), o que repre-

senta o 1,3% do total estatal. Comparado co ano 2001, prodúcese un descenso nos tres aeroportos galegos, salientando os rexistrados nos aeroportos de Vigo e A Coruña, cun descenso do 32,1% e do 31,2%, respectivamente.

**• Indicadores empresariais**

Das empresas galegas seleccionadas por Ardán no período 2000-01, un total de 686 empresas (o 5,4% das empresas consideradas) dedícanse ó subsector dos transportes e servizos asociados, sendo o seu emprego medio, segundo os datos facilitados por elas mesmas, de 19 traba-

CADRO 3.5.38.

**Sector dos transportes e servizos asociados 2001: actividades que comprende o grupo**

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
		(en millóns de €)				
Transporte de pasaxeiros por estrada	120	148,32	78,69	25,94	187,69	24
Transporte de mercadorías por estrada	408	614,70	175,07	53,53	392,80	14
Transporte marítimo	15	30,85	16,03	4,66	53,06	25
Transporte aéreo	2	1,87	0,73	0,20	2,34	7
Axentes consignatarios	38	138,12	30,98	7,16	100,51	21
Axencias de aduanas, fletes e cargas	5	12,55	3,85	0,86	13,26	18
Depósitos e almacenamento	34	76,90	44,89	9,84	84,16	45
Servizos para o transporte	64	274,29	106,57	46,45	1.608,36	25
<b>Total</b>	<b>686</b>	<b>1.297,59</b>	<b>456,81</b>	<b>148,64</b>	<b>2.442,19</b>	<b>19</b>
<b>Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)</b>	<b>5,37</b>	<b>2,82</b>	<b>4,97</b>	<b>6,20</b>	<b>6,87</b>	

Fonte: Ardán

CADRO 3.5.39.

**Sector dos transportes e servizos asociados 2000-01: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

Núcleos	2000	2001	01/00
	(en millóns de €)		(%)
A Coruña	128,15	141,08	10,1
Vigo	65,30	70,25	7,6
Mos	17,32	19,76	14,1
Lugo	16,14	18,47	14,5
Marín	15,42	17,39	12,8
Santiago	15,21	17,35	14,0
Ourense	11,38	12,68	11,4
O Porriño	8,93	10,57	18,4

Fonte: Ardán

CADRO 3.5.40.

**Evolución da actividade no sector dos transportes e servizos asociados 2000-01: ingresos, custos e resultados**

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Ingresos de explotación	1.161,86	100	1.297,59	100	11,7
Consumo e outros gastos de explotación	755,71	65,04	840,79	64,80	11,3
Valor engadido bruto a custo dos factores	406,15	34,96	456,81	35,20	12,5
Gastos de persoal	233,53	20,10	258,19	19,90	10,6
Resultado económico bruto da explotación	172,62	14,86	198,61	15,31	15,1
Amortizacións	63,35	5,45	71,92	5,54	13,5
Resultado económico neto da explotación	109,27	9,40	126,69	9,76	15,9
Resultado financeiro	-22,08	-1,90	-23,81	-1,83	-7,9
Ingresos financeiros	6,92	0,60	10,84	0,84	56,7
Gastos financeiros	28,99	2,50	34,65	2,67	19,5
Resultado de actividades ordinarias	87,20	7,50	102,89	7,93	18,0
Resultado de actividades extraordinarias	9,78	0,84	9,40	0,72	-3,9
Resultado antes de impostos	96,98	8,35	112,29	8,65	15,8
Impostos	28,99	2,50	33,21	2,56	14,6
Resultado neto do exercicio	67,99	5,85	79,08	6,09	16,3
Cash-flow	130,87	11,26	148,64	11,46	13,6

Fonte: Ardán



**Evolución do investimento e do financiamento no sector dos transportes e servizos asociados 2000-01**

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
<b>Activo total</b>	2.263,38	100	2.442,19	100	7,9
<b>Activo fixo (neto)</b>	1.863,98	82,35	1.945,64	79,67	4,4
Gastos amortizables	81,58	3,60	85,40	3,50	4,7
Inmovilizado inmaterial	103,17	4,56	121,48	4,97	17,7
Inmovilizado material	1.573,21	69,51	1.626,34	66,59	3,4
Outro inmovilizado	105,68	4,67	112,32	4,60	6,3
Outro activo fixo	0,34	0,01	0,11	0,00	-67,2
<b>Circulante neto</b>	399,39	17,65	496,54	20,33	24,3
Existencias	14,15	0,63	13,08	0,54	-7,5
Debedores	288,27	12,74	332,20	13,60	15,2
Tesourería	62,15	2,75	70,24	2,88	13,0
Outro activo circulante	34,82	1,54	81,02	3,32	132,7
<b>Fontes de financiamento</b>	2.263,38	100	2.442,19	100	7,9
<b>Financiamento permanente</b>	1.875,50	82,86	1.888,32	77,32	0,7
Fondos propios	761,87	33,66	815,17	33,38	7,0
Recursos alleos l/p	1.035,09	45,73	996,27	40,79	-3,8
Ingresos distribuídos en varios exercicios	78,54	3,47	76,88	3,15	-2,1
<b>Acreedores a curto prazo</b>	387,88	17,14	553,87	22,68	42,8
<b>Fondo de rotación</b>	11,52	0,51	-57,33	-2,35	-597,8

Fonte: Ardán

lladores por empresa. O seu VEB xerado (456,8 millóns de euros) representa o 5,0% do VEB total xerado polas 12.784 empresas galegas analizadas, en tanto que o peso relativo dos ingresos de explotación (1.297,6 millóns de euros) foi do 2,8% no período 2000-01.

As actividades máis importantes en canto á xeración do VEB se refire son as actividades de transporte de mercadorías por estrada, con 175,1 millóns de euros, as de servizos para o transporte, con 106,6 millóns de euros, e as de transporte de pasaxeiros por estrada, con 78,7 millóns de euros. Estas tres actividades xeran, en conxunto, un total de 360,3 millóns de euros, que representan o 78,9% do VEB total xerado polas empresas consideradas neste subsector.

Atendendo ó VEB a custo de factores xerado polas propias empresas, os principais núcleos de localización son, tal e como recolle o **cadro 3.5.39.**, A Coruña, con 141,1 millóns de euros (un 10,1% máis que no ano anterior) e Vigo, con 70,3 millóns de euros, que acollen o 46,3% do VEB xerado neste grupo de actividades.

A conta de explotación agregada destas 686 empresas amosa unha medra do seu resultado de

actividades ordinarias (18,0%), do resultado antes de impostos (un 15,8% superior ó do ano anterior) e do resultado neto do exercicio (un 16,3%) que se sitúa nos 79,1 millóns de euros.

O VEB no ano 2001 medrou un 12,5% respecto ó ano anterior, e dado o crecemento dos ingresos de explotación (11,7%), o peso relativo do VEB a custo de factores medrou dende o 35,0% de 2000 ata o 35,2% do ano 2001.

En relación ó investimento e ó financiamento, **cadro 3.5.41.**, en termos relativos, o financiamento permanente non cubre a totalidade do activo fixo neto (cubre o 97,1%), acadando o fondo de rotación unha cifra negativa de 57,3 millóns de euros. No concernente ás fontes de financiamento, o 77,3% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 7,0% respecto ó ano anterior, supoñen o 33,4% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo descendieron un 3,8%, cun peso relativo do 40,8% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 2.442,2 millóns de euros, un 7,9% superior ó valor de 2000, dos que 1.945,6 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 4,4% supe-

CADRO 3.5.42.

Sector dos transportes e servicios asociados 2000-01: estudo económico-financieiro

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotación. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
2001	10,38	9,04	36,73	26,83	23,18	18,67	4,13	3,19	1,42	1,06	9,44	3,47
2000	9,97	7,94	35,92	26,82	23,14	18,81	3,57	3,04	1,40	1,01	8,58	3,40

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
2001	6,93	6,14	4,68	3,44	1,50	1,77	15,70	15,22	2,99	2,48	1,98	2,40
2000	6,12	6,00	4,12	3,34	1,49	1,80	14,00	15,77	2,84	2,30	2,08	2,53

Fonte: Ardán

rior ó existente o ano anterior). Os 496,5 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 24,3% en relación a 2000.

Finalmente, o **cadro 3.5.42.**, que recolle a análise económica e financeira, reflicte unha aceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, unha medra respecto ós ingresos do VEB, permanecendo practicamente constante a relación gastos de persoal/ingresos e a carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste grupo de actividades é 1,3 puntos superior. Asemade, este cadro amosa un crecemento da relación gastos de persoal/ingresos 4,5 puntos superior á media galega, mentres que no caso da evolución do VEB sobre os ingresos, esta é 9,9 puntos porcentuais superior.

O devandito **cadro 3.5.42.** amosa que as rendibilidades económica e financeira antes de impostos medran no ano 2001. A primeira por mor da evolución seguida pola marxe de actividade e a rotación de activos, e a segunda influenciada polo comportamento da rendibilidade económica, que compensa o impacto do incremento do custo neto da débeda.

## Servicios a empresas

Os servicios ás empresas son un conxunto de servicios intermedios que sociedades especializadas propoñen a outras empresas a fin de incrementa-la súa eficacia, a súa produtividade e a súa concorrencia. Seguindo a metodoloxía Ardán, este subsector está composto, entre outros, polos servicios de publicidade; servicios xurídicos de contabilidade, asesoramento e estudos de mercado; servicios comerciais; servicios de fotografía; axencias de emprego; laboratorios de investigación e desenvolvemento; servicios de seguridade e detectives; servicios de alugueiro e *leasing*; limpeza e desinfección; servicios funerarios; e salóns de beleza.

Unha aproximación á poboación ocupada neste subsector pode facerse a partires dos datos recollidos no epígrafe “outros servicios” do **cadro C.3.3.** (*Poboación ocupada 2001-02: distribución segundo ramas de actividade*). Do mesmo, despréndese un crecemento do número de ocupados no ano 2002 do 1,7%, situándose a poboación ocupada nas 119,7 miles de persoas, que representan o 20,5% do total da ocupación no sector servicios en Galicia.

**CADRO 3.5.43.**
**Sector dos servizos a empresas 2001: actividades que comprende o grupo**

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
	(en millóns de €)					
Publicidade	82	87,11	20,98	2,94	48,20	9
Serv. xurid. de cont., asesor. e estud. mdo.	101	64,15	40,26	5,12	143,97	15
Servizos comerciais	185	541,48	214,35	33,13	1.110,46	34
Servizos de fotografía	14	11,24	3,28	0,85	7,51	11
Axencias de emprego	11	47,54	44,78	0,47	11,35	342
Laboratorios de investigación e desenvolv.	4	6,32	4,19	0,70	4,54	61
Servizos de seguridade e detectives	14	40,93	31,07	0,27	18,73	156
Servizos de alquiler e leasing	29	33,44	13,86	5,85	37,12	16
Serv. de limpeza e desinfección	8	51,61	16,70	4,82	279,74	23
Servizos funerarios	26	22,98	9,78	3,29	29,12	13
Salóns de beleza	14	11,14	6,10	0,64	4,71	33
Outros servizos	7	23,84	2,70	2,23	56,54	24
<b>Total</b>	<b>495</b>	<b>941,79</b>	<b>408,05</b>	<b>60,32</b>	<b>1.751,99</b>	<b>33</b>
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)	3,87	2,05	4,44	2,52	4,93	

Fonte: Ardán

**CADRO 3.5.44.**
**Sector dos servizos a empresas 2000-01: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

Núcleos	2000	2001	01/00
	(en millóns de €)		(%)
A Coruña	117,21	158,66	35,4
Vigo	45,72	49,49	8,2
Sada	37,68	46,57	23,6
Lugo	26,18	28,08	7,3
Santiago	22,23	22,63	1,8
Arteixo	13,17	19,43	47,5
Ourense	12,96	15,09	16,4
Cercada	6,13	10,25	67,3

Fonte: Ardán

**• Indicadores empresariais**

Segundo o criterio de selección de empresas seguido por Ardán, o número de empresas relacionadas co subsector servizos a empresas ascendeu a 495 empresas no ano 2001, o que supuña o 3,9% do conxunto empresas seleccionadas. O emprego medio das empresas do subsector, segundo os datos facilitados por elas mesmas, foi de 33 traballadores. Comparado co volume total de empresas consideradas, o VEB xerado por estas empresas representa o 4,4% do VEB total, en tanto que o peso relativo dos ingresos de explotación é do 2,1% en 2001 (**cadro 3.5.43.**).

Entre as diversas actividades que comprenden este subsector salientan, en termos da xeración do VEB, as empresas de servizos comerciais, con 214,4 millóns de euros, seguidas das axencias de emprego e dos servizos xurídicos de con-

tabilidade, asesoramento e estudos de mercado, con 44,8 e 40,3 millóns de euros, respectivamente. Estes tres grupos de actividade acollen o 73,4% do VEB total xerado polo subsector de servizos empresariais.

Atendendo ó VEB a custo de factores xerado polas propias empresas, os principais núcleos de localización, **cadro 3.5.44.**, son A Coruña, con 158,7 millóns de euros, e Vigo e Sada, con 49,5 e 46,6 millóns de euros, respectivamente. En conxunto acollen o 62,4% do VEB xerado neste subsector.

A conta de explotación agregada destas 495 empresas amosa caídas importantes do resultado neto do exercicio, resultado de actividades ordinarias e do resultado antes de impostos. Asemade, o valor engadido bruto e os ingresos de explotación, rexistraron unha medra de 24,0% e

CADRO 3.5.45.

*Evolución da actividade no sector dos servizos a empresas 2000-01: ingresos, custos e resultados*

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Ingresos de explotación	778,41	100	941,79	100	21,0
Consumo e outros gastos de explotación	449,33	57,72	533,74	56,67	18,8
Valor engadido bruto a custo dos factores	329,08	42,28	408,05	43,33	24,0
Gastos de persoal	262,63	33,74	319,76	33,95	21,8
Resultado económico bruto da explotación	66,45	8,54	88,29	9,37	32,9
Amortizacións	32,13	4,13	40,12	4,26	24,9
Resultado económico neto da explotación	34,32	4,41	48,17	5,11	40,4
Resultado financeiro	12,13	1,56	-11,53	-1,22	-195,0
Ingresos financeiros	28,44	3,65	14,97	1,59	-47,4
Gastos financeiros	16,31	2,10	26,49	2,81	62,4
Resultado de actividades ordinarias	46,45	5,97	36,64	3,89	-21,1
Resultado de actividades extraordinarias	5,52	0,71	-1,62	-0,17	-129,4
Resultado antes de impostos	51,97	6,68	35,02	3,72	-32,6
Impostos	11,13	1,43	9,29	0,99	-16,5
Resultado neto do exercicio	40,83	5,25	25,72	2,73	-37,0
Cash-flow	70,81	9,10	60,32	6,40	-14,8

Fonte: Ardán

CADRO 3.5.46.

*Evolución do investimento e do financiamento no sector dos servizos a empresas 2000-01*

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Activo total	1.419,88	100	1.751,99	100	23,4
Activo fixo (neto)	705,96	49,72	799,40	45,63	13,2
Gastos amortizables	11,51	0,81	14,02	0,80	21,8
Inmobiliado inmaterial	71,02	5,00	104,11	5,94	46,6
Inmobiliado material	372,95	26,27	409,86	23,39	9,9
Outro inmovilizado	249,65	17,58	270,96	15,47	8,5
Outro activo fixo	0,82	0,06	0,45	0,03	-45,2
Circulante neto	713,93	50,28	952,59	54,37	33,4
Existencias	22,61	1,59	20,30	1,16	-10,2
Debedores	593,25	41,78	812,47	46,37	37,0
Tesourería	53,96	3,80	72,70	4,15	34,7
Outro activo circulante	44,11	3,11	47,12	2,69	6,8
Fontes de financiamento	1.419,88	100	1.751,99	100	23,4
Financiamento permanente	920,24	64,81	1.008,96	57,59	9,6
Fondos propios	381,40	26,86	387,79	22,13	1,7
Recursos alleos l/p	420,72	29,63	501,65	28,63	19,2
Ingresos distribuídos en varios exercicios	118,12	8,32	119,51	6,82	1,2
Acreeedores a curto prazo	499,64	35,19	743,03	42,41	48,7
Fondo de rotación	214,29	15,09	209,56	11,96	-2,2

Fonte: Ardán

21,0%, respectivamente, polo que o peso relativo do VEB nos ingresos de explotación medrou ata o 43,3%, un punto superior ó de 2000.

En relación ó **investimento** e ó **financiamento**, **cadro 3.5.46.**, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 22,0% do circulante neto. O fondo de rotación, a pesares de descender un 2,2% respecto ó valor de 2000, presenta un valor positivo de 209,6 millóns de euros. No concer-

nente ás fontes de financiamento, o 57,6% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 1,7% respecto ó ano anterior, supoñen o 22,1% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 19,2% sendo o seu peso relativo no total das fontes de financiamento do 28,6%.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 1.752,0 millóns de euros, un 23,4% superior ó valor de 2000, dos que 799,4 millóns de euros

**Sector dos servizos a empresas 2000-01: estudo económico-financieiro**
**Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación**

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
<b>2001</b>	9,24	9,04	46,39	26,83	30,29	18,67	4,49	3,19	0,91	1,06	5,30	3,47
<b>2000</b>	11,67	7,94	45,42	26,82	30,89	18,81	4,42	3,04	0,81	1,01	5,22	3,40

**Rendibilidade e magnitudes asociadas**

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
<b>2001</b>	7,73	6,14	4,70	3,44	1,76	1,77	18,48	15,22	2,17	2,48	1,65	2,40
<b>2000</b>	7,73	6,00	4,40	3,34	1,87	1,80	20,46	15,77	2,08	2,30	1,82	2,53

Fonte: Ardán

corresponden ó activo fixo neto (un 13,2% superior ó existente o ano anterior). Os 952,6 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 33,4% en relación a 2000.

No que ó estudo económico e financieiro se refire, o **cadro 3.5.47.** reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, unha medra respecto ós ingresos do VEB así como da carga financeira, e unha caída da relación gastos de persoal/ingresos. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é lixeiramente superior (0,2 puntos porcentuais), sendo esta diferenza de case vinte puntos no caso da evolución do VEB sobre os ingresos, e de 11,6 puntos no caso da relación gastos de persoa e ingresos.

O devandito cadro amosa que se mantén constante a rendibilidade económica en tanto que a financeira antes de impostos descende entre os anos 2000 e 2001, acadando no último ano o 7,7% e 18,5%, respectivamente. No último ano rexistrase un lixeiro aumento do custo neto da débeda, que pasa do 2,08% de 2000 ós 2,17% de 2001.

## Servizos financeiros

Á hora de analiza-lo sector financeiro galego, partírase da información facilitada polo Banco de España, a Asociación Española de Banca, as Caixas de Aforros, XES Galicia SA, as sociedades de garantía recíproca SOGARPO e AFIGAL, e a Bolsa de Madrid.

Na primeira parte deste subsector comentárase a situación do sistema financeiro galego, analizando tanto a situación das entidades crediticias como a das outras institucións financeiras, onde incluímolo estudio de instrumentos financeiros como as sociedades de capital risco ou as sociedades de garantía recíproca. Nunha segunda parte farase referencia ós mercados financeiros, onde se pode salienta que o valor de capitalización das empresas galegas que cotizan en Bolsa (sen contar con firmas como ENCE ou Tafisa) ascendeu a 14,210,4 millóns de euros, dos que 10.989,3 millóns corresponden ó valor de capitalización de Inditex.

### • Entidades crediticias

O número de oficinas de entidades de

Oficinas das entidades de depósito 2001-02

	Oficinas			Bancos	2002	
	2001	2002	02/01 (%)		Caixas (% / total provincial)	Cooperativas
A Coruña	889	890	0,1	57,4	42,5	0,1
Lugo	350	342	-2,3	55,6	34,8	9,6
Ourense	393	386	-1,8	44,8	53,6	1,6
Pontevedra	715	719	0,6	52,4	47,3	0,3
<b>Total</b>	<b>2.347</b>	<b>2.337</b>	<b>-0,4</b>	<b>53,8</b>	<b>44,9</b>	<b>1,8</b>
<b>España</b>	<b>38.676</b>	<b>38.673</b>	<b>-0,0</b>	<b>36,4</b>	<b>52,6</b>	<b>11,1</b>

Fonte: Banco de España, Boletín Estadístico

depósito implantadas en Galicia no ano 2002, **cadro 3.5.48.**, ascendeu a 2.337 (dez menos que en 2001), sendo a súa importancia relativa no total estatal do 6,0% nese ano. A provincia de A Coruña é a que máis oficinas acolle, con 890 (unha máis que no ano anterior), seguida de Pontevedra, con 719 (catro menos).

Do conxunto de oficinas implantadas en Galicia en 2002, o 53,8% corresponden ós bancos, e o 44,9% ás caixas de aforros, en tanto que ás cooperativas de crédito, que só teñen presenza significativa en Lugo, correspóndelles un 1,8%. Comparado co total de España, a importancia relativa das oficinas bancarias no total de oficinas de entidades crediticias en Galicia, é moi superior á que presentan en España, en tanto que no caso das caixas de aforros e das cooperativas dáse a situación contraria.

Á análise da actividade das entidades de depósito en Galicia baséase no estudio do balance dos bancos e das caixas de aforros, recollidos nos **cadros 3.5.49.** e **3.5.50.** Dunha banda, o balance da banca galega aumentou un 3,9% respecto a 2001 para situarse nos 15.592,8 millóns de euros. Pola outra, as dúas caixas de aforros galegas presentaron unha medra dos seus activos totais, recursos alleos e créditos, namentres que no concernente ós seus resultados antes de impostos e beneficios netos das mesmas, estes só medran no caso de Caixa Galicia.

A evolución do número de oficinas, cadro de persoal e caixeiros automáticos está reflectido no **cadro 3.5.51.** O número persoas que traballaban nas 1.107 oficinas no ano 2002 foi de 5.776 persoas, ascendendo ó número de caixeiros automáticos a 1.206. Comparado co ano anterior, cómpre

salientar que a diferenza do acontecido no ano anterior, as dúas caixas presentan unha medra nas tres variables consideradas.

En canto ó **importe dos créditos** totais das entidades de depósito, **cadros 3.5.52.** e **3.5.53.**, este ascendeu en 2002 a 28.405,8 millóns de euros (un 11,0% máis que no ano anterior), o que representa o 4,1% do importe total no conxunto do Estado. O 53,9% do importe corresponde ós bancos fronte ó 45,7% das caixas e o 0,5% das cooperativas, sendo estes pesos relativos superiores ó rexistrado no conxunto do Estado no caso dos bancos (49,2%), e inferior no caso das cooperativas (5,2%).

As provincias de A Coruña e Pontevedra, dispuxeron do 82,2% do total dos créditos concedidos, sendo A Coruña a que presenta o maior crecemento do crédito a administracións e outros sectores residentes, con 1.374,7 millóns de euros, seguida de Pontevedra, con 716,8 millóns de euros. A Coruña presenta un peso relativo do crédito dos bancos superior á media de Galicia (58,5%) e unha importancia relativa inferior no caso das caixas de aforros (41,5%). Neste último caso, a importancia relativa nas outras tres provincias é superior á media galega, salientando Ourense, co 52,8%. Asemade, cómpre salientalo papel das cooperativas en Lugo, onde dos 130,3 millóns de euros concedidos polas mesmas en Galicia, 110,1 corresponden ás cooperativas en Lugo.

O volume total de depósitos de Administracións Públicas e outros sectores residentes, **cadros 3.5.54.** e **3.5.55.**, medrou na comunidade galega no ano 2002 un 7,7% en relación ó ano anterior, sendo ese aumento inferior ó

**CADRO 3.5.49.**
**Balances resumidos da banca galega (1) 2001-02**

	2001	2002	01/00
	(en miles de €)		(%)
<b>Activos</b>			
Caixas e depósitos en bancos centrais	265.066	204.485	-22,3
Entidades de crédito	2.059.772	2.107.871	2,3
Carteira de valores (2)	2.133.506	1.094.114	-48,7
Investimentos crediticios (neto) (3)	9.624.600	11.527.156	19,8
Activos inmateriais	8.209	18.019	119,5
Activos materiais	201.608	222.618	10,4
Outros activos	612.385	325.026	-46,9
Contas de periodificación	97.168	93.519	-3,8
<b>Pasivos</b>			
Entidades de crédito	2.583.337	1.835.370	-29,0
Recursos propios (4)	877.420	1.033.925	17,8
Recursos alleos (5)	10.637.584	12.086.316	13,6
Beneficios do exercicio	126.363	140.890	11,5
Outros	777.611	496.314	-36,2
<b>Total balance</b>	<b>15.002.315</b>	<b>15.592.815</b>	<b>3,9</b>

(1) Banco Pastor+Banco de Galicia+Banco Gallego+Banco Simeon+Banco Etcheverría

(2) Inclúe Débedas Estado, obrigas e outros valores de renda fixa, accións e outros títulos de renda variable, participacións e participacións en empresas do grupo

(3) Créditos sobre clientes

(4) Capital subscrito+Primas de emisión+Reservas+Reservas revalorización+Resultados de exercicios anteriores

(5) Débitos a clientes+Débitos representados por valores negociables+Pasivos subordinados

Fonte: Asociación Española de Banca

**CADRO 3.5.50.**
**Resultados das caixas de aforros 2001-02**

	2001				
	Activo total	Recursos alleos (1)	Créditos	Resultado antes de impostos	Beneficio neto do exercicio
	(en miles de €)				
<b>Caixa Galicia</b>	21.170.382	11.703.319	8.883.015	201.620	150.385
<b>Caixanova</b>	9.080.990	7.463.100	5.566.628	122.013	91.299
<b>Total</b>	<b>30.251.372</b>	<b>19.166.419</b>	<b>14.449.643</b>	<b>323.633</b>	<b>241.684</b>
	2002				
	Activo total	Recursos alleos (1)	Créditos	Resultado antes de impostos	Beneficio neto do exercicio
	(en miles de €)				
<b>Caixa Galicia</b>	24.818.229	13.838.156	10.208.326	202.110	164.735
<b>Caixanova</b>	10.355.755	8.206.112	6.435.007	50.151	45.105
<b>Total</b>	<b>35.173.984</b>	<b>22.044.268</b>	<b>16.643.333</b>	<b>252.261</b>	<b>209.840</b>

(1) débitos a clientes + débitos representados por valores negociables+pasivos subordinados

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos das Caixas

**CADRO 3.5.51.**
**Oficinas, persoal e caixeiros automáticos das caixas de aforros 2001-02**

	2001			persoal	caixeiros aut.
	oficinas				
	Galicia	Fóra de Galicia	Total		
<b>Caixa Galicia</b>	451	237	688	3.395	788
<b>Caixanova</b>	368	12	380	2.278	301
<b>Total</b>	<b>819</b>	<b>249</b>	<b>1.068</b>	<b>5.673</b>	<b>1.089</b>
	2002			persoal	caixeiros aut.
	oficinas				
	Galicia	Fóra de Galicia	Total		
<b>Caixa Galicia</b>	453	250	703	3.444	840
<b>Caixanova</b>	381	23	404	2.332	366
<b>Total</b>	<b>834</b>	<b>273</b>	<b>1.107</b>	<b>5.776</b>	<b>1.206</b>

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos das Caixas

CADRO 3.5.52.

**Crédito a Administracións Públicas e outros sectores residentes 2001-02** <sup>(1)</sup>

	2001			2002		
	Bancos	Caixas de aforro	Cooperativas	Bancos	Caixas de aforro	Cooperativas
	(en millóns de €)					
A Coruña	7.078,3	4.716,3	3,3	7.706,0	5.462,8	3,7
Lugo	1.122,9	1.107,5	90,1	1.334,0	1.316,1	110,1
Ourense	1.002,6	1.004,3	8,1	1.076,3	1.213,9	9,8
Pontevedra	4.824,6	4.626,0	5,7	5.181,6	4.984,9	6,7
<b>Total</b>	<b>14.028,3</b>	<b>11.454,1</b>	<b>107,2</b>	<b>15.297,9</b>	<b>12.977,6</b>	<b>130,3</b>
<b>Total España</b>	<b>313.414,0</b>	<b>272.934,0</b>	<b>30.931,0</b>	<b>341.250,5</b>	<b>315.846,7</b>	<b>36.084,7</b>
G/E (%)	4,5	4,2	0,3	4,5	4,1	0,4

(1) datos referidos a decembro de cada ano  
Fonte: Banco de España, Boletín Estadístico

CADRO 3.5.53.

**Crédito a Administracións Públicas e outros sectores residentes 2002** <sup>(1)</sup>:  
valor relativo

	Importe		2002		
	2002	02/01	Bancos	Caixas	Cooperativas
	(en millóns de €)		(% / Total)		
A Coruña	13.172,5	11,7	58,5	41,5	0,0
Lugo	2.760,2	18,9	48,3	47,7	4,0
Ourense	2.300,0	14,1	46,8	52,8	0,4
Pontevedra	10.173,1	7,6	50,9	49,0	0,1
<b>Total</b>	<b>28.405,8</b>	<b>11,0</b>	<b>53,9</b>	<b>45,7</b>	<b>0,5</b>
<b>Total España</b>	<b>693.182,0</b>	<b>12,3</b>	<b>49,2</b>	<b>45,6</b>	<b>5,2</b>

(1) datos referidos a decembro de cada ano  
Fonte: Banco de España, Boletín Estadístico

CADRO 3.5.54.

**Depósitos de Administracións Públicas e outros sectores residentes nas entidades de depósito 2001-02** <sup>(1)</sup>

	2001			2002		
	Bancos	Caixas de aforro	Cooperativas	Bancos	Caixas de aforro	Cooperativas
	(en millóns de €)					
A Coruña	5.648,8	6.066,3	2,9	5.891,5	6.952,5	3,6
Lugo	1.823,4	1.844,4	162,9	1.878,9	1.932,5	174,5
Ourense	1.780,0	2.269,1	26,8	1.818,0	2.199,3	29,4
Pontevedra	3.420,5	4.849,3	10,4	3.481,9	5.695,0	10,1
<b>Total</b>	<b>12.672,7</b>	<b>15.029,1</b>	<b>203,0</b>	<b>13.070,3</b>	<b>16.779,2</b>	<b>217,7</b>
<b>Total España</b>	<b>254.234,7</b>	<b>291.937,5</b>	<b>36.676,3</b>	<b>267.620,0</b>	<b>323.977,0</b>	<b>40.525,9</b>
G/E (%)	5,0	5,1	0,6	4,9	5,2	0,5

(1) datos referidos a decembro de cada ano  
Fonte: Banco de España, Boletín Estadístico

CADRO 3.5.55.

**Depósitos de Administracións Públicas e outros sectores residentes nas entidades de depósito 2002** <sup>(1)</sup>: valor relativo

	Importe		2002		
	2002	02/01	Bancos	Caixas	Cooperativas
	(en millóns de €)		(% / total)		
A Coruña	12.847,6	9,6	45,9	54,1	0,0
Lugo	3.985,9	4,1	47,1	48,5	4,4
Ourense	4.046,7	-0,7	44,9	54,3	0,7
Pontevedra	9.187,0	11,0	37,9	62,0	0,1
<b>Total</b>	<b>30.067,2</b>	<b>7,7</b>	<b>43,5</b>	<b>55,8</b>	<b>0,7</b>
<b>Total España</b>	<b>632.122,9</b>	<b>8,5</b>	<b>42,3</b>	<b>51,3</b>	<b>6,4</b>

(1) datos referidos a decembro de cada ano  
Fonte: Banco de España, Boletín Estadístico



**CADRO 3.5.56.**
**Actividade investidora de XesGalicia 2002**

	Capital	Préstamo	Total
	(en €)		
<b>Emprende</b>	2.203.065,99	2.347.343,00	4.550.408,99
Potential Markets Company, S.A.	156.263,15	-	156.263,15
Bren Entertainment, S.A.	86.540,00	751.265,00	837.805,00
Viñas do Torroxal, S.L.	450.994,32	-	450.994,32
Grupo Continental Producciones, S.L.	589.000,00	-	589.000,00
Sistemas Biométricos, S.L.	77.271,00	148.268,00	225.539,00
Cuarzos Granulados, S.L.	680.000,00	1.130.000,00	1.810.000,00
I.J.V. Comunicación, S.L.	162.997,52	317.810,00	480.807,52
<b>Adiante</b>	396.500,00	859.452,00	1.255.952,00
Autocares Antonio Vázquez S.A.	300.500,00	601.012,00	901.512,00
Telecomunicaciones Electricidad del Noroeste, S.L.	96.000,00	258.440,00	354.440,00
<b>Sodiga</b>	4.471.782,03	847.427,06	5.319.209,09
Vidriera del Atlántico, S.A.	-	396.667,98	396.667,98
Möllertech Orense, S.L.	1.300.000,00	-	1.300.000,00
Siderúrgica Añón, S.A.	495.180,00	-	495.180,00
Einsa Print International, S.A.	396.400,00	-	396.400,00
CZ Veterinaria, S.A.	27.141,62	450.759,08	477.900,70
Cerámica Varea, S.A.	1.803.031,61	-	1.803.031,61
Bioetanol Galicia, S.A.	450.028,80	-	450.028,80
<b>Total sociedades = 16</b>	<b>7.071.348,02</b>	<b>4.054.222,06</b>	<b>11.125.570,08</b>

Fonte: XesGalicia S.A.

**CADRO 3.5.57.**
**Empresas participantes en SODIGA 2002 <sup>(1)</sup>**

	Participación	Capital social
	(%)	(en miles de €)
Arteixo Telecom, S.A.	22	7.212
Euro - CKP, S.A.	20	1.202
Hispano Lusa Cia Tec. de Edificación, S.A.	33	5.860
Losán Romania, S.R.L.	33	3.200
Granitesa, S.A.	27	330
Hidroeléctrica del Giesta, S.L.	26	1.382
Ibisa Televisión, S.L.	33	108
Mecanizados del Noroeste, S.A.	26	577
Nak Electronics, S.A.	29	84
Privilege Advanced Surfaces, S.A.	40	3.005
Sotavento Galicia, S.A.	21	601
Unidad de Vehículos Industriales, S.A.	23	480
Vicente Romeo, S.A.	22	836
Fibroplac, S.A.	20	1.248
Möllertech Orense, S.L.	36	3.600

(1) empresas con participación superior ó 20%  
Fonte: XesGalicia S.A.

rexistrado no conxunto do Estado, 8,8%. O importe total destes depósitos ascendeu a 30.067,2 millóns de euros (o 4,8% do total estatal) dos que A Coruña e Pontevedra concentran o 73,3% do total dos depósitos existentes en Galicia no son 2002, segundo se aprecia no **cadro 3.5.55**. Comparado co ano anterior, tódalas provincias galegas agás Ourense (-29,2 millóns de euros) presentan unha medra do importe destes depósitos, sendo o máis importante o rexistrado en A Coruña, con 1.129,7 millóns de euros, seguido polo de Pontevedra, con 906,7 millóns de euros.

Os datos do **cadro 3.5.55**. amosan que a importancia relativa dos depósitos nos bancos e nas caixas de aforros de Galicia é superior á

existente en España, en tanto que o peso relativo das cooperativas é claramente inferior.

• **Outros intermediarios financeiros**

Ó longo do ano 20002, a actividade investidora de **XES Galicia, S.A.**, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco, S.A., centrouse en 16 empresas, das que 7 se beneficiaron do Sodiga, outras tantas do fondo Emprende, e 2 do fondo Adiante. A contía total do investimento ascendeu a 11,1 millóns de euros, dos que 7,1 millóns corresponden ó capital e 4,0 millóns de euros a préstamos.

Atendendo á desagregación segundo fondo, o **cadro 3.5.56**. amosa a actividade investidora de

CADRO 3.5.58.

Empresas participantes en Emprande 2002 <sup>(1)</sup>

	Participación	Capital social
	(%)	(en miles de €)
Astine, S.A.	33	821
Lentigal España, S.L.	23	180
Gran Balneario de Guitiriz, S.A.	28	3.221
Dynamic Soft, S.L.	27	66
Potential Markets Company, S.A.	20	1.643
Braseli, Accesorios para Tuberías, S.A.	25	240
Impel Telecom, S.A.	25	973
Pórtico Paneles para Puertas, S.L.	40	300
Representaciones Montenegro, S.L.	33	7
Milenium Grupo Gerontológico, S.L.	45	1.107
Víñas do Torroxal, S.L.	33	1.378
Sistemas Biométricos, S.L.	30	258
Cuarzos Granulados, S.L.	40	1.700
I.J.V. Comunicación, S.L.	32	502

(1) empresas con participación superior ó 20%  
Fonte: XesGalicia S.A.

CADRO 3.5.59.

Resultados das sociedades de garantía recíproca a 31 de decembro de 2002

	SOGARPO		AFIGAL		Total	
	número	contía	número	contía	número	contía
	(en miles de €)		(en miles de €)		(en miles de €)	
Avais solicitados	4.707	296.785,7	5.077	339.790,8	9.784	636.576,4
Avais concedidos	3.626	224.153,1	4.392	293.208,9	8.018	517.362,0
Avais formalizados	8.974	210.683,5	18.314	281.986,4	27.288	492.669,9
Avais vixentes	2.768	100.489,8	4.488	128.043,5	7.256	228.533,4
Risco vivo	-	76.573,3	-	101.897,6	-	178.470,9
Avais formalizados no exercicio	1.220	28.090,8	2.134	39.244,5	3.354	67.335,3
Destino do aval						
Novo investimento	948	40.953,3	1.327	62.811,4	2.275	103.764,8
Circulante	410	18.340,9	277	12.079,1	687	30.420,0
Fianzas (avais técnicos)	1.382	16.826,7	2.881	26.981,3	4.263	43.808,0
Outros	28	452,3	3	25,7	31	478,1

Fonte: Confederación Española de Sociedades de Garantía Reciproca (CESGAR)

CADRO 3.5.60.

Risco vivo das sociedades de garantía recíproca 2001-02: distribución segundo sectores

2001

	SOGARPO		AFIGAL		Total	
	avais vixentes	Contía	avais vixentes	Contía	avais vixentes	Contía
	(en miles de €)		(en miles de €)		(en miles de €)	
sector primario	14	561,7	89	4.984,8	103	5.546,5
sector industrial	304	17.513,6	294	14.956,2	598	32.469,8
construcción	798	10.588,9	2.062	16.759,7	2.860	27.348,6
sector servicios	818	20.954,0	882	31.064,0	1.700	52.018,1
comercio	547	19.261,7	714	23.910,7	1.261	43.172,4
<b>Total</b>	<b>2.481</b>	<b>68.880,0</b>	<b>4.041</b>	<b>91.675,5</b>	<b>6.522</b>	<b>160.555,5</b>

2002

	SOGARPO		AFIGAL		Total	
	avais vixentes	Contía	avais vixentes	Contía	avais vixentes	Contía
	(en miles de €)		(en miles de €)		(en miles de €)	
sector primario	57	1.061,8	104	5.036,9	161	6.098,7
sector industrial	353	20.347,6	367	16.105,9	720	36.453,5
construcción	920	12.327,5	2.123	17.684,8	3.043	30.012,3
sector servicios	781	21.108,9	1.098	37.021,7	1.879	58.130,6
comercio	657	21.727,5	796	26.048,3	1.453	47.775,8
<b>Total</b>	<b>2.768</b>	<b>76.573,3</b>	<b>4.488</b>	<b>101.897,6</b>	<b>7.256</b>	<b>178.470,9</b>

Fonte: Confederación Española de Sociedades de Garantía Reciproca (CESGAR)

## Empresas galegas en bolsa 2001-02

	2001		2002	
	Prezo da acción (1) (en €)	Capitalización (en miles de €)	Prezo da acción (1) (en €)	Capitalización (en miles de €)
Adolfo Domínguez	8,00	69.690	9,89	86.154
Banco de Galicia	15,40	468.607	15,99	486.560
Banco Pastor	17,76	968.236	19,88	1.083.814
Inditex	22,51	14.031.167	17,63	10.989.315
Pescanova	9,85	128.050	9,18	119.340
Zeltia	5,42	1.087.938	7,20	1.445.232
<b>Total</b>		<b>16.753.688</b>		<b>14.210.415</b>

(1) derradeiro prezo do período  
Fonte: Bolsa de Madrid

Sodiga ó longo do ano 2002. O investimento realizado nas 7 empresas recollidas devandito cadro ascendeu a 5.319,2 miles de euros, o que representa o 47,8% da actividade investidora de Xesgalicia nese ano. O **cadro 3.5.57.** reflicte as 15 empresas con participación superior ó 20%.

No concernente ó fondo **Emprende**, o investimento realizado ascendeu a 4.550,4 miles de euros, dos que 2.203,1 corresponderon ó capital e 2.347,3 euros a préstamos. O **cadro 3.5.58.** recolle as 14 empresas con participación superior ó 20% do seu capital social.

Respecto ó fondo **Adiante 2000**, no ano 2001 realizáronse investimentos en dúas empresas, por un total de 1.256,0 miles de euros, o que representa o 11,3% do total investido no ano 2002.

Polo que atinxe ás **sociedades de garantía recíproca**, neste tipo de sociedades de intermediación financeira solicitáranse, a 31 de decembro do ano 2002, un total de 9.784 avais por un importe global de 636,6 millóns de euros, tal e como reflicte o **cadro 3.5.59.** Nesa data, o número de avais concedidos foi de 8.018 e a súa contía de 517,4 millóns de euros, o que representa o 81,3% da contía solicitada.

O número de avais vixentes foi de 7.256 e a súa contía ascendeu a 228,5 millóns de euros. Ó longo do exercicio 2002 formalizáronse un total de 3.354 avais, ascendendo a súa contía a 67,3 millóns de euros. Atendendo ó destino do aval, o **cadro 3.5.59.** reflicte que 2.275 son avais para novo investimento, ascendendo a súa contía a 103,8 millóns de euros.

Os datos recollidos no **cadro 3.5.60.** reflicten que o sector servicios (sen contar o comercio) presenta o maior risco vivo con 58,1 millóns de euros (o 32,6% do total galego), seguido do comercio, con 47,8 millóns de euros (o 26,8%), mentres que o menor risco vivo corresponde ó sector primario (6,1 millóns de euros). En termos de avais vixentes, o devandito cadro amosa que é o sector da construción o que acolle o maior número de avais, con 3.043 avais, seguido do sector servicios e comercio, con 1.879 e 1.453 avais, respectivamente.

#### • Mercados financeiros

Os mercados financeiros poden ser definidos como aqueles lugares, físicos ou non, onde se realizan as transaccións de instrumentos financeiros. O **cadro 3.5.61.** reflicte as empresas galegas que no ano 2002 cotizaban en Bolsa.

Como se pode apreciar, o valor de capitalización das seis empresas galegas (con domicilio social en Galicia) que cotizan en Bolsa ascendeu a 14.210,4 millóns de euros. As firmas Inditex e Zeltia son as empresas cunha maior capitalización, con 10.989,3 millóns de euros (o 77,3% do valor total de capitalización destas seis empresas no ano 2002) e 1.445,2 millóns de euros (o 10,2%).

## Educación

No que ó subsector da educación se refire, o **cadro C.3.3.** (*Poboación ocupada 2001-02: distribución segundo ramas de actividade*) reflicte a evolución do emprego no subsector da educación en Galicia. Como se pode apreciar, o número de

CADRO 3.5.62.

**Educación 2000-01: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

Núcleos	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)		(en millóns de €)		
Vigo	8,47		9,82		16,0
A Coruña	7,10		7,77		9,4
Santiago	3,10		3,85		24,5
Ourense	2,82		3,05		8,5
Nigrán	0,64		0,78		21,7
Ames	0,75		0,72		-4,2
Carballo	0,77		0,70		-9,0
Ponteareas	0,54		0,61		11,9

Fonte: Ardán

CADRO 3.5.63.

**Evolución da actividade na educación 2000-01: ingresos, custos e resultados**

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	
Ingresos de explotación	49,4	100	52,1	100	5,5
Consumo e outros gastos de explotación	21,0	42,5	20,3	38,9	-3,4
Valor engadido bruto a custo dos factores	28,4	57,5	31,8	61,1	12,1
Gastos de persoal	24,9	50,4	27,0	51,9	8,8
Resultado económico bruto da explotación	3,5	7,2	4,8	9,2	35,0
Amortizacións	2,3	4,7	2,7	5,2	17,0
Resultado económico neto da explotación	1,2	2,5	2,1	3,9	69,5
Resultado financeiro	-0,8	-1,7	-1,2	-2,4	-50,3
Ingresos financeiros	0,1	0,2	0,1	0,2	11,0
Gastos financeiros	0,9	1,8	1,3	2,5	46,8
Resultado de actividades ordinarias	0,4	0,8	0,8	1,6	110,6
Resultado de actividades extraordinarias	0,8	1,6	-0,0	-0,0	-100,1
Resultado antes de impostos	1,2	2,3	0,8	1,6	-29,9
Impostos	0,4	0,8	0,3	0,5	-29,2
Resultado neto do exercicio	0,8	1,6	0,5	1,0	-30,2
Cash-flow	2,9	5,9	3,0	5,8	2,5

Fonte: Ardán

ocupados neste subsector foi de 54,9 miles de persoas en 2002 fronte ós 55,2 miles de empregados no ano anterior. En termos relativos, rexístrase unha caída da importancia relativa da poboación ocupada galega no sector da educación (pública e privada), que pasa dun 9,7% do ano 2001 ó 9,4% da poboación ocupada no sector servicios en 2002.

• **Indicadores empresariais**

Segundo o criterio de selección de empresas seguido por Ardán, o número de empresas relacionadas coas actividades da educación ascendeu a 73 empresas no ano 2001, o que supuña o 0,6% do conxunto empresas seleccionadas. O emprego medio das empresas do subsector, segundo os datos facilitados por elas mesmas, foi de 21 traballadores por empresa. O VEB xerado polas empresas do subsector educación ascendeu a 31,8

millóns de euros, e os seu ingresos de explotación a 52,1 millóns de euros.

Atendendo ó VEB a custo de factores xerado polas propias empresas, os principais núcleos de localización, **cadro 3.5.62.**, son Vigo, con 9,8 millóns de euros, seguido de A Coruña e Santiago, con 7,8 e 3,9 millóns de euros, respectivamente. En conxunto acollen o 67,4% do VEB xerado neste subsector.

A conta de explotación agregada destas 73 empresas amosa que no ano 2001 o seu resultado neto do exercicio descendeu un 30,2%, para situarse nos 0,5 millóns de euros. Asemade, amosa que o resultado antes de impostos e o resultados de actividades extraordinarias descendieron un 29,9% e un 100,1%, respectivamente, ó contrario do acontecido co resultado de actividades ordinarias, que medrou un 110,6%.

**CADRO 3.5.64.**
**Evolución do investimento e do financiamento na educación 2000-01**

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
<b>Activo total</b>	44,1	100	51,9	100	17,6
<b>Activo fixo (neto)</b>	33,6	76,3	38,5	74,2	14,4
Gastos amortizables	0,3	0,6	0,3	0,5	3,4
Inmobiliado inmaterial	0,8	1,8	0,9	1,8	17,2
Inmobiliado material	31,3	70,9	35,4	68,3	13,3
Outro inmovilizado	1,3	2,9	1,8	3,5	43,4
Outro activo fixo	0,1	0,1	0,1	0,1	0,0
<b>Circulante neto</b>	10,4	23,7	13,4	25,8	28,0
Existencias	0,6	1,4	0,5	1,1	-10,3
Debedores	6,9	15,6	8,8	16,9	27,6
Tesourería	2,8	6,3	3,1	6,0	12,6
Outro activo circulante	0,2	0,4	0,9	1,8	398,7
<b>Fontes de financiamento</b>	44,1	100	51,9	100	17,6
<b>Financiamento permanente</b>	31,4	71,3	36,6	70,6	16,4
Fondos propios	17,9	40,5	18,8	36,2	5,3
Recursos alleos I/p	11,4	25,9	15,6	30,0	36,2
Ingresos distribuídos en varios exercicios	2,2	4,9	2,3	4,3	3,9
<b>Acreedores a curto prazo</b>	12,6	28,7	15,3	29,4	20,8
<b>Fondo de rotación</b>	-2,2	-5,0	-1,9	-3,6	13,9

Fonte: Ardán

**CADRO 3.5.65.**
**Educación 2000-01: estudio económico-financiero**
**Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación**

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
<b>2001</b>	6,04	9,04	62,24	26,83	53,43	18,67	3,26	3,19	1,79	1,06	5,84	3,47
<b>2000</b>	7,17	7,94	62,03	26,82	50,20	18,81	3,65	3,04	1,19	1,01	6,35	3,40

**Rendibilidade e magnitudes asociadas**

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
<b>2001</b>	4,82	6,14	3,26	3,44	1,29	1,77	7,15	15,22	3,51	2,48	1,26	2,40
<b>2000</b>	5,52	6,00	3,51	3,34	1,45	1,80	13,43	15,77	2,48	2,30	1,23	2,53

Fonte: Ardán

**Servicios relacionados coa saúde 2001: actividades que comprende o grupo**

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
(en millóns de €)						
Distr. Min. Artículos médicos e ortopédicos	35	26,47	7,46	1,63	19,27	8
Hospitais e residencias	26	154,39	91,11	10,55	129,08	141
Servicios sanitarios	71	83,72	36,94	7,09	52,82	19
Servicios sociais	11	9,57	4,71	-1,30	5,98	19
<b>Total</b>	<b>143</b>	<b>274,15</b>	<b>140,22</b>	<b>17,97</b>	<b>207,14</b>	<b>38</b>
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)	1,12	0,60	1,53	0,75	0,58	

Fonte: Ardán

O crecemento do VEB no ano 2000 foi do 12,1%, 6,6 puntos superior á medra experimentada polos ingresos de explotación, polo que o seu peso relativo pasou do 57,5% de 2000 ata o 61,1% do ano 2001 (**cadro 3.5.63.**).

En relación ó investimento e ó financiamento, **cadro 3.5.64.**, en termos relativos, o financiamento permanente non cubre a totalidade do activo fixo neto (cubre o 95,1% do activo fixo), acadando o fondo de rotación un valor negativo de 1,9 millóns de euros. No concerne ás fontes de financiamento, o 70,6% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 5,3% respecto ó ano anterior, supoñen o 36,2% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 36,2% sendo o seu peso relativo no total das fontes de financiamento do 30,0%.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 51,9 millóns de euros, un 17,6% superior ó valor de 2000, dos que 38,5 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 14,4% superior ó existente o ano anterior). Os 13045 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 28,0% en relación ó ano anterior.

No que ó estudio económico e financeiro se refire, o **cadro 3.5.65.** reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, así como unha medra tanto da relación do VEB e dos gastos de persoal respecto ós ingresos, e un incremento da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das 12.784 empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é inferior (6,0% e 9,0%, respecti-

vamente), ó contrario do acontecido no caso da evolución do VEB sobre os ingresos (62,2% e 26,8%, respectivamente) e dos gastos de persoal (53,4% e 18,7%).

As rendibilidades económica e financeira antes de impostos descenden no ano 2001, acadando o 4,8% e 7,2%, respectivamente. A primeira faíno por mor da caída experimentada pola marxe de actividade e da rotación de activos, e a segunda pola evolución seguida pola rendibilidade económica e do custo neto da débeda.

## Sanidade

Unha aproximación á poboación ocupada neste subsector pode facerse a partires dos datos recollidos no epígrafe “sanidade” do **cadro C.3.3.** (*Poboación ocupada 2001-02: distribución segundo ramas de actividade*). O devandito cadro amosa que esta rama de actividade é a que presenta a maior taxa de crecemento dentro do sector servicios, cun 10,8% (5,5 miles de ocupados máis que en 2001), situándose nas 56,3 miles de persoas ocupadas (o 9,7% do total da ocupación no sector servicios en Galicia).

### • Indicadores empresariais

Segundo o criterio de selección de empresas seguido por Ardán, o número de empresas relacionadas co subsector servicios relacionados coa saúde –distribución de artigos médicos e ortopédicos, hospitais e residencias e servicios sanitarios e sociais– ascendeu a 143 empresas en 2001, o que supuña o 1,1% do conxunto empresas seleccionadas. O emprego medio das mesmas,

**CADRO 3.5.67.**
**Sector dos servizos relacionados coa saúde 2000-01: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

Núcleos	2000		2001	01/00
	(en millóns de €)		(%)	(%)
Vigo	49,30	54,31	10,2	
A Coruña	21,70	24,32	12,0	
Santiago	18,58	20,03	7,8	
Lugo	8,26	9,26	12,1	
Ribeira	5,43	5,97	9,9	
Pontevedra	5,52	5,71	3,5	
Cee	4,74	4,86	2,5	
Ourense	3,78	4,02	6,2	

Fonte: Ardán

**CADRO 3.5.68.**
**Evolución da actividade no sector dos servizos relacionados coa saúde 2000-01: ingresos, custos e resultados**

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Ingresos de explotación	248,31	100	274,15	100	10,4
Consumo e outros gastos de explotación	120,26	48,43	133,93	48,85	11,4
Valor engadido bruto a custo dos factores	128,05	51,57	140,22	51,15	9,5
Gastos de persoal	101,45	40,85	116,02	42,32	14,4
Resultado económico bruto da explotación	26,60	10,71	24,20	8,83	-9,0
Amortizacións	14,71	5,92	14,81	5,40	0,7
Resultado económico neto da explotación	11,90	4,79	9,39	3,43	-21,0
Resultado financeiro	-2,11	-0,85	-2,44	-0,89	-15,5
Ingresos financeiros	0,68	0,28	0,70	0,26	2,8
Gastos financeiros	2,80	1,13	3,14	1,15	12,4
Resultado de actividades ordinarias	9,78	3,94	6,95	2,54	-28,9
Resultado de actividades extraordinarias	2,25	0,91	-0,41	-0,15	-118,4
Resultado antes de impostos	12,03	4,85	6,54	2,39	-45,6
Impostos	3,44	1,38	2,67	0,97	-22,4
Resultado neto do exercicio	8,59	3,46	3,87	1,41	-54,9
Cash-flow	22,49	9,06	17,97	6,55	-20,1

Fonte: Ardán

**CADRO 3.5.69.**
**Evolución do investimento e do financiamento no sector dos servizos relacionados coa saúde 2000-01**

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Activo total	199,20	100	207,14	100	4,0
Activo fixo (neto)	118,68	59,58	123,40	59,57	4,0
Gastos amortizables	1,55	0,78	1,55	0,75	0,4
Inmovilizado inmaterial	32,99	16,56	32,71	15,79	-0,9
Inmovilizado material	78,70	39,51	82,50	39,83	4,8
Outro inmovilizado	5,45	2,74	6,64	3,20	21,8
Outro activo fixo	-	0,00	-	0,00	-
Circulante neto	80,51	40,42	83,74	40,43	4,0
Existencias	7,19	3,61	8,44	4,08	17,4
Debedores	44,80	22,49	49,77	24,03	11,1
Tesourería	18,50	9,29	16,66	8,04	-10,0
Outro activo circulante	10,02	5,03	8,87	4,28	-11,5
Fontes de financiamento	199,20	100	207,14	100	4,0
Financiamento permanente	134,97	67,76	135,77	65,55	0,6
Fondos propios	79,59	39,95	79,54	38,40	-0,1
Recursos alleos l/p	33,38	16,76	35,39	17,09	6,0
Ingresos distribuídos en varios exercicios	22,00	11,05	20,84	10,06	-5,3
Acreedores a curto prazo	64,23	32,24	71,37	34,45	11,1
Fondo de rotación	16,29	8,18	12,37	5,97	-24,0

Fonte: Ardán

CADRO 3.5.70.

Servicios relacionados coa saúde 2000-01: estudo económico-financieiro

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
2001	6,42	9,04	50,80	26,83	32,81	18,67	4,43	3,19	0,94	1,06	7,40	3,47
2000	5,61	7,94	49,37	26,82	32,03	18,81	6,22	3,04	0,85	1,01	9,50	3,40

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
2001	7,32	6,14	4,81	3,44	1,40	1,77	14,78	15,22	2,65	2,48	1,11	2,40
2000	8,63	6,00	6,35	3,34	1,46	1,80	19,98	15,77	2,46	2,30	1,07	2,53

Fonte: Ardán

segundo os datos facilitados por elas mesmas, foi de 38 traballadores por empresa. Comparado co volume total de empresas consideradas, o VEB xerado polas empresas do subsector servicios empresariais representa o 1,5% do VEB total, en tanto que o peso relativo dos ingresos de explotación é do 0,7% (**cadro 3.5.66.**).

Atendendo ó VEB a custo de factores xerado polas propias empresas, os principais núcleos de localización, **cadro 3.5.67.**, son Vigo, con 54,3 millóns de euros, seguido de A Coruña e Santiago, con 24,3 e 20,0 millóns de euros, respectivamente. En conxunto acollen o 70,4% do VEB xerado neste subsector.

A conta de explotación agregada destas 143 empresas amosa unha medra do VEB do 9,5%, case un punto superior ó crecemento experimentado polos ingresos de explotación, polo que o peso relativo do VEB descende dende o 51,6% de 2000 ata o 51,1% do ano 2001.

O seu resultado neto do exercicio, que se sitúa en 3,9 millóns de euros, reduciuse un 54,9% influenciado tanto pola caída do resultado de actividades ordinarias como polo descenso do resultado de actividades extraordinarias, que caen un 28,9% e 118,4%, respectivamente.

En relación ó investimento e ó financiamento, **cadro 3.5.69.**, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto, e un 14,7% do circulante neto. O fondo de rotación presenta un valor positivo de 12,4 millóns de euros. No concernerente ás fontes de financiamento, o 65,6% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que caen un 0,1% respecto ó ano anterior, supoñen o 38,4% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo rexistran unha medra do 6,0% cun peso relativo do 17,1% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 207,1 millóns de euros, un 4,0% superior ó valor de 2000, dos que 123,4 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 4,0% superior ó existente o ano anterior). Os 83,7 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 4,0% en relación ó ano 2000.

No que ó estudo económico e financieiro se refire, o **cadro 3.5.70.**, reflicte unha aceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un aumento respecto ós ingresos do VEB, unha medra do peso relativo dos gastos de persoal e da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas considera-



das, o crecemento dos ingresos deste sector económico é inferior (6,4% e 9,0%, respectivamente), ó contrario do acontecido no caso da evolución do VEB sobre os ingresos (50,8% e 26,8%, respectivamente) ou do indicador gastos de persoal/ingresos (32,8% e 18,7%).

Ó longo do ano 2001 prodúcese unha caída das rendibilidades económica e financeira antes de impostos. A pesares deste descenso a rendibilidade económica segue sendo superior á rexistrada polo conxunto de empresas analizadas (7,32% e 6,14%, respectivamente), namentres que a rendibilidade financeira antes de impostos sitúase en 2001 por debaixo da media de empresas analizadas (14,78% e 15,22% no conxunto de empresas galegas). No ano 2001 rexístrase unha medra do custo neto da débeda, que pasa do 2,46% de 2000 ós 2,65% do ano 2001. ■

